

ENTRAMBAS AGUAS

A REVISTA DEL NAVIA-EO

Número 11 • Primavera-brao 1999 • 150 Ptas.

Dalgúas **CHÍAS**
nel occidente

SÁHARA
glonxe ou cerca?

Úa tarde en **OURIA**

Cousas de **TAPIA**

A VEIGA *d'aniversario*

ENTRAMBAS AUGUAS

Índiz

- José Ramón Fdez.-Tresguerres 3 *Dalguías **CHÍAS** bestóricas nel occidente asturiano*
- María José García Rico 6 **SÁHARA** *¿lonxe ou cerca?*
- Entrambasauguas 10 **TESOUROS, CASTELLOS y CASQUEIROS.** *Ua tarde en **OURIA** (Bual)*
- Manuel García-Galano 12 **COUSAS** de **TAPIA**
- Antonio Javier Sánchez Castro 15 **A VEIGA** *d'aniversario*
- José Manuel Martínez Castro 18 *El efecto **VENTURI***
- Jesús González Gayol 20 *Sobre os **PRADOS** y os **VALADOS***
- Cándido Sanjurjo Fernández 21 *¡As voltas qu'o mundo dá...!*
- María Aurora Bermúdez Nava 24 *Falando nel **DESVÁN***
- 26 **AXENDA**
- Everardo Fernández González 27 **ACEBEDO**, *llugar exemplar*
- 28 *El **ARCO** da **VEYA***
- 30 *El **HOUCHA***



A Casa del Conceyo da Veiga
(ENTRAMBAS AUGUAS)

Edita
Academia de la Lingua Asturiana
Secretaría Lingüística del Navia-Eo

Este número d'ENTRAMBAS AUGUAS
cunta col patrocinio dos conceyos da
Veiga, Bual, Castropol, Cuaña, El
Franco, Samartín d'Ozcos, Tapia,
Taramunde y Vilanova d'Ozcos.

Colaboran
José Ramón Fdez.-Tresguerres
María José García Rico
Manuel García-Galano
Antonio Javier Sánchez Castro
José Manuel Martínez Castro
Jesús González Gayol
Cándido Sanjurjo Fernández
María Aurora Bermúdez Nava
Everardo Fernández González
Miguel Pérez Gutiérrez

Correo y collaboración
Academia de la Lingua Asturiana
Apartao Correos-574
33080-UVIÉU
Tlfn.: 98 521 1837
Fax: 98 522 6816

Diseño
Entrambasauguas y
Satsang®

Imprime
Gráficas Ribazán • Navia
Tlfn.: 98 547 3680

Depósito Legal
AS-2103/96

I.S.S.N.
1137-165 X

ENTRAMBAS AUGUAS nun se fai responsable das
opinións expresadas polos seus colabo-
radores

Esta revista ta feita con
papel reciclao 100%
RECIPLUS de 90 grs. nel interior
y 135 grs. na portada

ENTRAMBAS AUGUAS
Academia de la Lingua Asturiana
Apartao 574, 33080-UVIÉU
Fax: (98) 522-6816

Quérome suscribir por 10 números. El importe da suscrip-
ción, 1.500.- pesetas (máis gastos d'envío), heilo a pagar
contra reembolso del primeiro número que me manden.

Nome _____

Apellidos _____

Dirección _____

Código Postal _____ Lluar _____

Teléfono _____ firma _____ Fecha _____

ENTRAMBAS AUGUAS

pódesse mercar en **Navia** (La Villa, Franlu, Arco Iris, Quiosco Los Jardinitillos, Quiosco del Muelle), **Xarrio** (Quiosco Hospital), **A Caridá** (Llibreiría Alfonso, Papelería Ana), **Tapia** (Llibreiría Manuel López, Llibreiría Arte, Quiosco del Parque, Tutti Frutti), **As Figueiras** (Tandy), **Castropol** (Ardura, Tandy Beatriz), **A Veiga** (Casa Pérez, Llibreiría San Pedro), **Taramunde** (Casa Vicente), **Bual** (Llibreiría Pablo), **Grandas** (Estanco Elena Cancio), **Samartín d'Ozcos** (A Marquesita) y nas principais librerías d'Uviéu, Xixón, Avilés, Mieres y Llangréu.



Dalgúas CHÍAS bestóricas nel occidente asturiano

↓ José Ramón Fdez.- Tresguerres

El territorio Eo-Navia estrémanlo das terras vecías estos dous grandes cursos fluviales que regan y desauguan cuasamente toda a súa superficie. A mesta rede fluvial del occidente amañanla estas dúas importantes arterias ás que vein morrer mui ben de regueiros máis pequenos amáis d'úa rede ben grande de ríos curtos y con muita augua que tán encaxaos na rasa litoral ou Marina.

Muitos d'estos cursos fluviales trouxeron al largo del tempo dalgúas chías, aunque máis pequenas qu'as qu'houbó noutros ríos da nosa comunidá como el Nalón ou os da zona oriental, pero de consecuencias, dalgúas veces, tan catastróficas como as d'aquellos.

El clima y os ríos del Navia-Eo

Hai que dicir, pra empezar y dende el punto de vista climático, que nun podemos falar d'un "clima asturiano" porque hai dellas variantes climáticas. Dalgús autores estremán na rexón tres áreas: occidental, central y oriental. Asturias ta entre el domino climático gallego pol occidente y el del Golfo de Vizcaya pol oriente. Entrambos y dous dominios influyen en que s'amañen as tres áreas das que falamos. A evolución entre ellas é axeitín, sin cambeos de repente y sin qu'haxa áreas tipolóxicamente puras.

Nel área occidental as precipitacións tein un máximo invernal y un mínimo estival pero, al nun haber áreas tipolóxicamente puras, a primavera presenta úa

elevación das precipitacións irmá das del resto da Comunidá autónoma.

Nestas terras occidentales, amáis d'esas características xenerales, amañanse, por causa del relieve, outras zonas ben estremadas como el valle medio del Navia, con abonda aridez.

Dende el punto de vista xeolóxico Asturias ten un 47% de pizarras, un 24% de calizas xeneralmente masivas, un 15% de margas, arenas y conglomerados, un 2% de material barrento y un 0,5% de pena granítica. Hai diferencias entre oriente y occidente. Nel occidente, al rové que nel oriente, as pizarras acupan el 67% y as calizas el 6%. Esta mena de terras ta malo de que las caltria el augua a nun ser polas gretas das penas, y por causa d'esto nun hai circulación hídrica subterránea como na parte oriental d'Asturias. Aquí a circulación é superficial y ben rápida por causa dos muitos costados qu'amañan estos minerales. Namáis nos afloramientos cuarcíticos achanaos da Marina ye costa caro salir al augua y d'este xeito dalgús sitios enchagózanse.

Analizando as chías dos ríos asturianos vemos qu'éstas son abondo curiosas pero que nun son núa es-

tación ou tempo del ano como noutros sitios d'España, podéndose dar en cuase todos os meses según a zona.

Nel Eo y nel Navia hailas, polo regular, nel periodo novemb-ro-febreiro.

De Muñoz Jiménez¹ sacamos a clasificación dos ríos d'estas terras Eo-Navia, que tarían dentro d'estas dúas tipoloxías:

- Ríos ou treitos de montaña ou semimontunos sin influencia nival apreciable como El Río Ibias, el Navia ou el Eo, con un máximo caudal que se dá a mediaos ou acabo del invierno. El réxime é básicamente pluvial, aunque pra estremallos del outro tipo defínelo como *"pluvial de montaña"*.

- Ríos prelitorales costeiros de réxime pluvial, que fain todo el sou recorrido nas terras achegadas á costa. Entre estos ríos fala del Porcía, al que tíamos qu'amecerye outros como El Río de Penarronda, El Río de Tol, L'Enguileiro, El Río de Memes, El Río de Vío, El Río del Esteler, El Río del Pinto, El Río del Fundión y pr'acabar, aunque tía xa na veira da comarca, El Río Barayu.

El sou máximo rexístrase as máis das veces en febreiro. El mínimo, como en todos os ríos asturianos, coincide en agosto.

As chías hestóricas

Hai dúas menas de chías ou deboyos: as permanentes, continuas ou de desbordamento y as transitorias, momentáneas ou discontinuas². As que máis nos interesan, porque son as que nos tocan, son as segundas. Os deboyos transitorios dependen sobre todo de factores climáticos. Al haber poucas posibilidades de que los haxa y al ser de ralo en ralo son máis peligrosos porque a xente aveza a acupar a zona d'anagamento que pensa que ta libre de peligros.

Úa causa de chías frecuentes nestas terras son as chamadas chías costeiras, producidas por un oumento inesperao del nivel del mar al xuntarse dalgús factores como son as mareas altas, el que chova mui y os ventos fortes.

A regulación que trouxo a construcción dos saltos del Navia déixanos atesar que dende el última chía grandúa d'empezos de siglo (diciembre del ano 1903) nun se cuntaron neste río chías grandes nin serias.

Estas chías d'antano, como a qu'acabamos de nombrar, coincidían, polo regular, con vagas de mar que fían que se salira el río nel treito antias de desembocar, cos dexobeiros esperables nas casas d'úa localidá que, como a de Navia, ta na mesma veira da boca da ría.

En Asturias nun houbo enxamáis desgracias pola mor de que romperan presas grandes, pero el qu'haxa tantas na zona fainos pensar nel peligro potencial que supóin.

As causas dos fallos nas presas foron estudiadas por Costas y Baker (1981) y poinlas por frecuencias d'este xeito:

- Fallo del sustrato
- Desaugües non al xeito
- Construcción deficiente
- Asentamento irregular

- Actos de guerra
- Deslizamientos de terra
- Materiales con dalgún peró
- Terremotos
- Outros

As desgracias que train as chías dos ríos son as máis das veces pérdidas de vidas humanas, destrozos na llabranza, nel gao, nas industrias, nas vías de comunicación y nos centros urbanos.

As chías na comarca danse nos treitos finales dos ríos Eo y Navia y nos ríos pequenos da Marina.

El Eo, y principalmente os sous afluentes el Suarón y el Monxardín trouxeron, y por desgracia siguen trendo, dexobeiros prá villa da Veiga y hasta desgracias personales.

Os dous ríos, el Suarón y el Monxardín, veinse xuntar nun sito na veira dereta da Ría del Eo que se foi enchendo cos sedimentos que tría el augua. Derriba d'este estuario amprio, por unde s'abren paso os dous ríos núa volta última y retorta, ta dende antigo a qu'hoi é capital del conceyo da Veiga. Esta situación estratéxica trouxo como consecuencia qu'os sous habitantes sufran muitas veces os resultaos dos deboyos del río. Calcúlase qu'houbó al llargo dos últimos 150 anos máis de quince chías grandes y outras muitas de menos altura.



Úa chía del Eo corta el paso al pé da ponte en Abres (1959).

Nel ano 1989 proyectóuse el enanche del calce del Río Suarón que ta apretuñao por úa canalización veyá de resultas da medría urbana da villa. Nel proyecto taba trazao acupar terras máis ou menos al llargo d'un quilómetro dende el campo de fútbol hasta el matadeiro veyo dando úa anchura al calce novo de 19 metros que, según os técnicos da Confederación Hidrográfica del Norte, terían que ser abondos pra desauguar todo el caudal hasta condo houbera as chías máis grandes. Pra fer esta obra fai falta expropiar a lo menos a trenta vecíos y fer un desembolso económico importante asumido nun 75% pola Confederación Hidrográfica y el resto pol goberno del Principao.

As chías del Suarón y el Monxardín afectan sobremanera á parte céntrica da Veiga, entre as qu'hai que nombrar as Avenidas d'Asturias y de Galicia, el parque de Medal y a mesma Casa del Conceyo. Nel ano 1969, entre os días 11 al 15 de setembre chovéu ás concadas, emporao con mar mui chen, cousa



Foto: ÁSTUR PAREDES

El río Porcía nel conceyo de Tapia

qu'amañóu úa das chías máis importantes del Río Suarón, anque d'esta volta nun houbo desgracias personales. Cuntóuse naquella fecha un caudal de 590 m³ por segundo, mentres chovía –según el que se recoyóu nel observatorio de Tapia el día 13–, 212,6 litros por m². Esto pódenos dar úa idea del que pasóu. As mareas chegaron al coeficiente 92 con carreiras d'hasta 3,5 metros. Houbo destrozos mui grandes y quedóu cortada a carretera nacional Santander-A Coaña que daquela aínda pasaba por allí.

Os destrozos foron, máis que nada, nas mercancías de tendas y almacenes, dalgús talleres mecánicos y carpinteirías, pontes, a Casa da Cultura, a Casa del Conceyo, a igrexa parroquial y seis casas particulares.

El que daquela era gobernador Civil, Mateu de Ros, pidíraye al gobierno español a declaración de zona catastrófica calculándose as pérdidas en máis de douscentos millóis de pesetas. Abríronse suscripióis pra os damnifcaos na Caxa d'Aforros d'Asturias y el Real Uviéu brindóuse pra fer un partido benéfico de fútbol contra úa seleccón asturiana pra xuntar cuartos.

Poucos anos despóis, nel ano 1973, nel mes de febreiro houbo outra chía qu'anagóu A Veiga, anque d'esta volta quedóu rexistrada, nas chías hestóricas que ten a Confederación Hidrográfica, como provocada pol Río Eo.

El Eo ten outro punto guerrieiro da que pasa por Abres, anagando muitas veces A Entreseca do Molín y el sito conocido como O Tarraplén cortando a carretera entre Abres y a carretera da Veiga a Lugo. Según Sanjurjo Fernández³ estas chías foron baxando

despóis por causa das repoblacióis forestales.

Outros ríos con momentos de chías son el Porcía y el Barayu na zona del Vau. Este último ten un punto de peligro máximo na ponte que cruza a carretera xeneral na zona fronteiriza dos conceyos de Navia y Valdes.

Al Barayu chegan os ríos del Bidular y el del Tableiru, que baxa de L'Artosa, y qu'amañan, condo enchen muito, un caudal curioso que ben pode ser abondo pr'atazar os tubos que s'ameceron pra desauguar el augua del Barayu debaxo da ponte del Vau y chegar a amañar úa represa ben peligrosa.

Conclusióis

El trabayo feito por AICASA⁴ nel ano 1985 pral Ministerio d'Obras Públicas, fai úa cartografía de peligro potencial de chías basándose núa estadística hestórica feita con datos dende el siglo XVI y sacada de dellas fontes escritas.

As chías recoyidas pra os ríos das terras occidentales son as que se nombraron antías neste artículo: a del Navia nel ano 1903, a del Suarón nel ano 1969 y a del Eo nel ano 1973. Sabemos, así y todo, el feixe de debayos que trouxo el Suarón noutras fechas amáis dos qu'amañaron outros ríos como el Monxardín, el Porcía ou el Barayu, polo que pinta pouco fiable a estadística que s'usóu amáis dos mapas y matrices de peligro resultantes.

Namáis se fixeron matrices d'impacto pral Río Navia nos tres treitos en que s'estremóu: curso alto entre os saltos de Grandas y Doiras, curso entre os saltos de Doiras y Arbón y el curso baxo del Navia.

Como xa se puido constatar, as chías nel Río Navia cuasamente desaparecieron cua regulación feita despóis de que se construyan os saltos. Llevaba máis xeito, polo tanto, que se fixeran impactos de peligro noutros ríos que trouxeron máis problemas al llargo d'este siglo.

A estadística que s'usóu pinta pouco exhaustiva y de seguro qu'os nosos peisanos han a recordarse de muitas chías dignas de figurar na estadística feita.

El meu determín, neste caso, nun era brindar úa restra de todas as desgracias qu'houbu senón recordar aquellos tres casos tan tráxicos al cumprirse el trenta aniversario del máis grande de todos. 

NOTAS Y BIBLIOGRAFÍA:

¹MUÑOZ JIMÉNEZ, J., "Geografía física. El relieve, el clima y las aguas", *Geografía de Asturias*, v. 1, Ayalga Ediciones, 1983.

²MARTÍNEZ GOYTRE, J. & GARZÓN HEYDT, M^a. G. & ARCHE MIRALLES, A., *Avenidas e inundaciones*, Mopu, 1987.

³SANJURJO FERNÁNDEZ, C., *Entre Fonteo y el Mar. Apuntes sobre el río Eo*, Servicio de Publicaciones del Principado de Asturias, Avilés, 1996.

⁴AICASA, *Cuenca del Norte de España. Inundaciones históricas y mapa de riesgos potenciales. Anexos*, Ministerio de Obras Públicas y Urbanismo. Dirección General de Obras Públicas, 1985.

SÁHARA, ¿Lonxe ou cerca?



Acabando el ano 1975, mentres España deixaba a súa antiga colonia del Sáhara Occidental, Marruecos invadíala cúa famosa "Marcha Verde". Máis de 200.000 saharauis foron escapando pral deserto al outra veira da fronteira arxelina, amañando campamentos na rexón de Tinduf. Nacía d'este xeito a República Árabe Saharaui Democrática (RASD) y empezaba a guerra desigual contra el exército marroquí. Por acio da ONU, despóis de qu' ésta reconocera el dereto que tían os saharauis á independencia, dende 1988 agardan por un referéndum d'autodeterminación que xa tuvo varias fechas y que nun acaba de chegar. Xa hai anos que pararon os combates y que Marruecos aceptóu un Plan de Paz da ONU, pero aquel país sigue poñendo estorbos.

Detrás de todo esto hai xente vivindo núas condicións mui ruías y que precisóu y ainda precisa alimentación, salú, educación, augua potable... Dende hai anos, nel noso occidente trabaya un peteiro d'homes y muyeres del Asociación d'Amigos del Sáhara. Col sou trabayo, ademáis d'axudaryes materialmente, tentan de fernos chegar el testimonio da luita del pobo saharahui pola súa terra y a súa dignidá.

↓ M^a José García Rico

Sáhara, ¿lonxe ou cerca? Lonxe na distancia y cerca nas conciencias. Cerca na distancia y lonxe nas conciencias. Y pra outros ta lonxe en todo.

Hoi tuven un soño. Taba dentro d'un cañón frío y escuro y ouguín falar cerca da existencia dos saharauis. Esmolínme muito por eso y quixen saber... ¿Únde? ¿Por qué? Resulta que me dou por enterada de qu' ésta xente nun vive na súa terra, tán despatriaos dende hai máis de dúas décadas en Tinduf, al suroeste d'Arxelia, en plena *hamada*, pedras, polvo y arena é lo que los arrodiá. Penséi en...

vivirán como animales; se non, ¿quén pode resisitir eso? Nun me chegaba el tempo pra salir en busca d'un d'esos miserables dos que falaban y que, a verdá, como falaban meus amos, taban miyor mortos que núas condicións insoportables y de dexeneración humana. ¿Ou acaso escuitaba eu mal y nun falaban d'humanos?

Pos... se tou dentro d'un cañón é que soi úa bala. ¿Eu úa bala?!

Un estalido inesperao y vinme envolta nun incesante xirar nel aire sobre min mesma mentres avanzaba mui de présa por derriba d'un mar d'arena. ¿Únde tou?

Nún dos wilayas

Cheguéi a Aaiún, ún dos cuatro campamentos de refuxaos saharauis ou *wilayas* (provincias) —os outros son Smara, Dajla y Asuer—, y máis concretamente a Daira de Hagunia. Alí todo me chamaba a atención dende que cheguéi, anque fora fugazmente por causa da mía velocidá. Atraveséi úa *haima*, que, aló nel deserto, chámanse a úa especie de tenda de campaña onde vive a xente.

Agora as *haimas* son por fora de lona —as auténticas son de pelo de camello— y por dentro tán recubertas de telas de cores. Pol brao apenas se pode tar dentro y pol inverno trespasan el frío, porque unde tán, as temperaturas varían moito: poden chegar a algún grao baxo cero pola noite y pol día hasta 50° C. Por esas temperaturas, entre outras cousas, os saharauis teñen úas roupas un pouco especiais: *melfas* as qu'usan as mulleres y *elzan* y *docrrag* el qu'usan os homes.

Sigo falando das *haimas*. Anque el tarrén é d'arena, por derriba pónse úa especie d'alfombras que fai que se convirta aquilo nun palacio pra pasar us días... pro non tantos anos. Claro ta que toda a vida pasa nas *haimas* y nel tarrén. Alí se durme, alí se come y alí se toma el té saharauí, que tamén me chamou moito a atención. Era un líquido amarronadín que pasiaban d'us vasos a outros y fíxen por caer en todos os vasos y digo todos os vasos porque os saharauis toman tres téis seguidos, pro que levan todo


un ritual. El primeiro dicen d'él qu'é amargo como a vida, el segundo é dulce como el amor y el terceiro suave como a morte. El té é pra eles úa melecía, un alimento y tamén un motivo pra xuntarse, falar, vivir...

Falaba antias del durmir. Durmen nel tarrén da *haima* envoltos en mantas (ás veces pasan bon frío porque nun teñen abondas) y comen cuas maos alre redor d'úa fonte ou prato grande. A comida, como as outras cousas, depende del axuda internacional y por eso ta baseada en pastas y legumes. Son evidentes as carencias alimenticias que ten toda a xente en xeneral y en particular os nenos.

Cos nenos na escola



Como todo me chamaba a atención, el vento, que se chama *siroco* —y que, ás veces, condo ta mui enfadao, provoca úas tormentas d'arena terribles chegando a tapar as *haimas* y hasta fendo qu'el saharauí se desoriente porque nun hai carreteras, nin señales...—, levóume hasta as escolas primarias y sopróu con tanta forza que me desvióu entre aquel enxame de nenos y outra vez nun cumprín el oxetivo pral que me lanzaran.

Otras cen voltas nel aire y xa taba dentro d'úa clase. Había montóis de nenos y nenas. Os pupitres son os restos que nos quedan a países como el noso, teñen úas pizarras veyas y pequenas, as paredes tán



Nenos delante d'úa haima

*El auga é un ben
mui apreciao nel deserto*



cayendo, pro... por qué vos falo dos edificios y nun vos cunto qu'ás veces os nenos nun tein papel, nin lapiceiros pra escribir, y xa nun se m'ocorre falar de medios como fotocopiadoras, ordenadores... que, a parte de nun poder telos porque tein outras necesidades –y nun podemos esquecer qu'han a tar nos campamentos, esperemos, pra pouco tempo máis–, nun tein luz eléctrica. Ademáis da claridá del sol tein camping-gas y en algús sitios placas solares del axuda humanitaria. Así y todo, foise perfeccionando un sistema pedagóxico que se podería chamar de subsistencia, patriótico y liberador. Os estudos universitarios fainse nel ámbito da colaboración internacional: países como Libia, Cuba, España... acoyen a estudantes saharauis becándolos.

Siguindo el meu camín

Así como entréi pola porta aberta da escola –aló, todas as portas taban abertas pra toda a xente. ¿Será que nun tán "civilizaos" como nosoutros y que nun tein miga que pechar?–, salín por úa ventá, sin cristales, siguindo el meu camín. Dende alí, y con outros xiros –xa me tou mariando!– cheguéi al hospital y tou crida de que con úa foto ta todo dito.

Como sempre, úa vez máis os saharauis sacan d'unde nun hai. Nel pior deserto del mundo sacaron auga –mui salina, pro auga al fin y al cabo– que yes sirve pra muito y, entre esas cousas, pra regar us hortos que tein en cada *wilaya*, dos que sacan tomates, zanaorias... pr'axudar na alimentación d'a-



Escola nún dos campamentos saharauís

quelo que chaman hospitales y a úa das dúas escolas de nenos internos que teín.

De seguro que se tivera máis tempo podería cuntarvos moitas máis cousas pro con úa ventarada mui forte cayín sin alento nel arena y alí, abandonada pol mundo, sintín que xa taba perdida. El sol y el arena foron poñéndome ferruxenta por al redor y fun quedando cada vez máis isolada del mundo, igual qu'acaban as conciencias que se sinten úa bala. Xa sabedes, ser de chombo ten as súas ventaxas. Nun hai qu'esmoirse nin pensar en nada: sólo chegar a onde che mandan, anque al cabo t'acompañe a morte. Alí, perdida, xunta el arena, alegréime de

ser inservible y por primeira y única vez fun feliz sin cumprir col meu deber de morte y desolación. El sol, esencia da vida, acabara comigo.

A morte nunca pode cúa vida nin col pobo saharauí, qu'é un oasis de vida nel medio da sombra moura. Quén me dera que nel futuro os centos de miles de compañeiras que sían lanzadas como eu —a pesar da suposta "racionalidá" y "civilización" humana—, tampouco nun cumplan col sou deber de morte y s'esqueizan aquelas outras del pasao que sin conciencia, irracionais y irresponsables, queren acabar a base de morte col qu'é inacabable: a vida.



Comendo todos al redor del prato



As carencias nos hospitales dos campamentos son evidentes



TESOUROS, CASTELLOS Y CASQUEIROS

Úa tarde en Ouria (Bual)

A casa de Barres, hai us anos, antias de que sufrira úa reforma

↓ Entrambasauguas

Regueiros amansaos pola mao da xente que sabe fer verdegar os praos das súas veiras, ríos que baxan entre carbayos y pedras chías de mofo y, nel alto, os cordales unde as uces y a gancella cubren restos hestóricos d'hai miles d'anos. Imos camín d'Ouria, un llugar de Bual nún dos moitos valles qu'alimentan el Río Porcía.

Subir al son del Río Porcía, seguindo pola carretera que vén dende A Roda (Tapia) ou dende Sueiro (El Franco) é sempre un gusto prá vista. A condición é que nun miremos pr'arriba y nun véxamos el color azulao das prantacióis masivas de calitros. D'este xeito, os nosos oyós han a poder disfrutar dos restos del paisaxe atlántico qu'acompañou a vida da xente d'estas terras por moitos centos d'anos: praos d'herba briza y neta moyaos por un río como el Porcía que nos fai renemstrar hestorias de mineiría romana, de mazos, de ferreirías, de molinos..., y que vai correndo axeitín á solombra mesta d'umeiros, prádanos y bidureiras.

Al son del Porcía vai a canal que llevaba el agua desviada pras minas de Silva (Salave) pra llavar allí el ouro qu'alimentou as campañas militares del Imperio Romano, pero hoi contentámonos con mirar pra os lugares que velan el sou paso: Os Muliusno-

vos, A Viguía, Xarén, As Pontes, As Fonsarias, A Barrosa, El Sanchín, Llagar... Xa hai us quilómetros que salimos del conceyo de Tapia y qu'entramos nel conceyo de Castripól pero na Retorta desviámonos á esquerda y, pasando porriba del Porcía, subimos por úa carretería estreita que sube al pé del Río da Falcueira trazando a fronteira entre este último conceyo y el de Bual. Á dereta llougo imos ver A Falcueira, pico chameiro pola súa pedra marella y unde cuntan qu'antano as brutes poñían os sous níos. Un pouco máis alló, núa volta, ta a desviadeira que nos pode llevar al tamén guapísimo Val d'Obanza. Outró día será.

Despóis d'úa subida con mil y úa voltas entre carbayeiros y castañeiros, el valle vaise abrindo y os praos y as terras anúnciannos que tamos chegando á Veigadouria. El brillo das foyas trembúas dos álamos y del llouxao das casas señalan este lugar qu'é cabeza da parroquia del mesmo nome. Nun paramos nin seguimos pra Rozadas, unde el viaxe tamén nos

había prestar. Coyemos miyor á dereta, antias d'entrar na Veigadouria, pola pista que nos lleva a Ouria.

Imos buscando noticias da fábrica de curtidos que se fundou allí hai moitos anos, a finais del século pasao. Na Casa de Barres, que fora el ama d'aquelloos intentos industrializadores na parroquia, cúntannos el pouco que saben d'aquella época. Xa nun quedan veyos que podan recordar el tránsito da xente cos carros del país empicaos de paraza de carbayo y castañeiro, rinchando camín da fábrica, unde ya compraban pral proceso de curtido, pero si queda nel acordanza ouguillo contar. Nel llao da casa que mira prá súa capiya —qu'a Casa de Barres vese qu'era casa grande y as casas grandes tein capiya— taban as oficinas unde se fían os pagos y os obreiros iban cobrar. Alló nel ano vinte d'esta década el negocio acabóu y pouco tempo despóis tamén morréu el amo y fundador del negocio, D. José M. Barres Villamil.

Debaxo da Casa de Barres, al pé da pista que sube a Ouria, queda a esquina d'úa parede tapada polos artos, qu'é el único resto que queda del edificio da fábrica de curtidos. Allí taba a mola de granito que tiraba úa parexa de bois pra desfer a casca y qu'acabóu tapada polas obras da pista. Tamén allí había us pozos cuadraos d'us dous metros de fondo unde se curtían os peleyos de vaca que compraban á xente dos alrededores.

Das instalacións da fábrica namáis queda el sito unde apilaban a casca y qu'einda chaman *El Casqueiro*, un cabanón chamadeiro, de muita altura, sositido por doce pilares de pedra mui ben paredaos. Nestos tempos que tanto se fala d'arqueoloxía industrial, de manter esas señas da nosa hestoria econó-



El Casqueiro

mica, un edificio como éste chama el atención pol sito unde ta, na entrada d'Ouria, un lugarín del interior d'un conceyo como el de Bual unde el paisaxe da llabranza y el gao é el que predomina. Como todas estas instalacións que podíamos chamar pre-industriales, integráronse ben nel entorno porque se fixeron cos mesmos materiais constructivos qu'el resto das casas: madera, pedra, barro y llouxa. Hoi, al buscarye os amos outros usos —pra guardar os rollos de silo y moitos outros trastes—, cambiáronye un daqué as trazas, al xuntar con úa parede de ladriyos tres columnas que fain úa das esquinas.



Un detalle da estrutura del llouxao

Peró nun é el único resto del pasao en Ouria, porque cada sito pra unde miremos hanos a falar d'hestoria. Del cordal al suroeste d'Ouria, d'esos sitios unde reina a gancella y siguen vivos na boca da xente topónimos tan sonoros como *El Campo de Carrondio*, *El Llombo del Pereiro Llongo* ou *El Chao de María Llabrada*, unde agora os del lugar de Brañallibrel lluitan col monte pr'amañar pradeirías, tamén hai que falar. Y é que dos tempos máis remotos quedan túmulos allí, nel *Pico da Fulgueirosa*, irmaos dos moitos qu'hai nel mesmo conceyo, en Penouta ou en Penácaros. Naquel pico cuntaban os veyos de tesouros que nun los descubría úa reya pero si úa oveya escarbando cúa pata.

Nel mesmo Ouria, embaxo, tán os caleiros da *Pena del Furoco*, outro resto cuase industrial, unde a xente fía cal pra botar nas terras y pra fer as casas. Cruzamos el lugar y chegamos al sito que chaman *El Castellón*. Pra chegar a él pasamos por úa xanzúa tomada polos artos que chaman *A Furada*. Topónimos tan claros nun nos poden falar máis que d'un castro dos moitos que dominan el paisaxe asturiano. Castañeiros, carbayos y bidurerias esconden un relieve unde a mao del ser humano furóu y xancióu hasta fer un sito seguro pra vivir y controlar el paso del valle que ten al pé. Debaxo vemos A Veigadouria; enfrente, nel outra lladeira, A Cabana y Carbayal; á nosa dereta, alló enriba, pra detrás del Vouveyo, Rozadas, al pé de Penouta.

Mentres volvemos pra Ouria por un camín chen de *xinxebre* en flor, vemos el llouxao da Capiya de San Bras, na mesma lladeira del castro, nel sito que chaman *A Ermita*.

Otro día ha ser pero, da qu'el sol se vai poniendo y femos compañía al Porcía nel sou viaxe hasta el mar, prometémonos volver con máis vagar a Ouria y a súa contornada, pra ver todo máis apouso: os camíos que llevan al monte, y as súas fontes, as súas senras, dalgúas d'ellas einda llabradas, y as súas casas, einda muitas conservadas cúa súa feitura tradicional, cuas ventanías, cúa pedra apardazada y el mouro das llouxas, cos teixos y os lloueiros defendéndolas del vento.



COUSAS DE TAPIA

Conrado Villar y un feixe de tapiiegadas

↓ Manuel García- Galano

*Conrado Villar mirando pral que foi el sou gran empeño:
a estatua al Marqués de Casarego. Anos trenta.*

El ano pasado el Conceyo de Tapia tuvo el bon acordo de fer ũa edición facsimilar del periódico local El Faro de Tapia, que fora publicado hai cen anos pol Círculo Católico de Obreros da vila. Y nesta idea de recuperar veyas publicacións locais das que cuase nun se conserva ningún exemplar, a corporación municipal, fexo xestións cua Dirección Rexonal d'Educación da Consejería de Cultura del Principado, pra qu'esta reeditase Un feixe de tapiiegadas, que é ũa obra de teatro escrita por Conrado Villar Loza y musicada por Etelvino Méndez, y que fora estrenada el día de San Bras del ano 1921.

Os tapiegos de menos de corenta anos xa nun conoceron a Conrado Villar, pois muríu el ano 1962 a os 89 d'edá. Diréi pra os que nun lo sepan que Conrado nacera en Taramunde nel ano 1873, que lo trouxeran pra Tapia a os poucos meses d'edá y, anque a os sete anos volvéu pral lugar de nacemento pra ir alí á escola, a os doce retornóu a Tapia y emigróu lougo a Buenos Aires, a unde xa lo fixera sou padre dez anos antes. Á súa volta en 1899, xa s'asentaría definitivamente en Tapia, unde tía as reices por parte de súa madre, qu'era de San Esteba.

Axina Conrado piyaría notoriedá non sólo en Tapia sinón en toda a comarca, principalmente por mor das súas colaboracións en periódicos y revistas col seudónimo "Pepe de Mingo", y da súa participación encendida na defensa del chamado "*partido novo*", el que despóis iba ser Partido Reformista.

Era un apasionado pol teatro y escribiu, a lo menos, tres obras, tituladas *Una farsa*, *Los enemigos del hombre* y a xa referida *Un feixe de tapiiegadas*, ésta en fala tapiega, que foi a qu'alcanzou máis popularidá, y proba d'elo é qu'a xente mayor da vila y a súa contornada inda entona hoi algús dos cantables del obra como el de "*Chufa Xixón a súa pla-*



Caricatura de Conrado Villar obra de Niembro

ya...". Pro ademáis d'escritor, Conrado organizóu, participóu como actor y dirixiu muitas funcións d'aficionados. Eu tuven ocasión de conocele precisamente nesta faceta de director teatral pois colaboréi como pianista na que penso sería úa das últimas representacións d'*Un feixe de tapiogadas*, feita nel Salón Edén de Tapia nel ano 1944 núa función homenaxe al poeta luarqués Casimiro Cienfuegos al qu'el Conceyo tapiogo nombrara fiyo adoptivo xustamente por iniciativa de Conrado.

Y teño memoria de cómo a súa figura miuda de corpo contrastaba col sou xenio vivo, y aqueles oyí-os pequenos, pro inquisidores, parecían escaparse da cara condo, con todo ardor, mandaba repetir pasaxes, correxir entradas ou salidas d'escena, y cuidaba hasta el máis pequeno detalle da decoración ou da iluminación, blandindo a miúdo el bastón que nun deixaba un minuto como apoyatura das súas órdenes verbales; y é que vivía el teatro con verdadeira intensidá, incluso nos ensayos.

Un feixe de tapiogadas é úa obra curta, d'ambiente costumbrista, unde os sous personaxes son os cuatro compoñentes del cuarteto *Os Quirotelvos*, de Castropol (que dirixía Etelvino Méndez, autor da mú-

sica, como xa dixeran), y que nel estreno del obra actuaron personalmente encarnando elos mesmos os sous papeles nel sainete. Hai outros dous personaxes, que son Xan y a súa fiya Sabela, moza qu'é cortexada por ún dos músicos del cuarteto, Pachín, y que, con ocasión d'iren tocar a Tapia, fain el xeito de pasar pola casa da moza pra qu'el rapaz la vexa. Éste é el eixe del argumento.

El obra tía orixinariamente dous cantables nomáis: el primeiro, con aire de pasodobre, interpretanlo os músicos del cuarteto al chegar delante da casa del tío Xan y empieza así:



El segundo cantable, que comenza con aire d'habanera, protagonízanlo Sabela y el sou mozo Pachín, solos en escena, y empieza d'este xeito:




Máis tarde, nel ano 1927, el autor améceye un novo cantable al obra que titula "*Terra asturiana. Habanera humorística pra el feixe*" na qu'intervén os seis personaxes. Cántase al final del obra y Pachín comenza a peza musical cantando:



Conrado era mui dado a versificar; críticas, chufas, sátiras ou loas, axina las reflexaba en versos nos que daba solta al sou espírito creativo, y deixou abonda mostra d'elo nas publicacións en periódicos y revistas, escribindo a miúdo úa búa parte na nosa fala.

Podo dar fe de que recitaba ben, y afixado nas súas aptitudes d'actor teatral parece que lo tou ouguindo nel homenaxe a Casimiro Cienfuegos, recitan-



COLECCIÓN PARTICULAR DE MARTÍN CARRASCO

Úa escena curiosa, pinta qu'en Campos (Tapia).
Conrado Villar mirando cómo fila úa muyer detrás d'un carro del país. Anos trenta.

do lo qu'él titula "Aló vai unha cousa mía, que nun ta com'eu quería", úa larga composición qu'empeza así:

*"Dende qu'ando por el mundo
teño aquí na mía mollera
pensamentos qu'acaricio
¡que morirán condo eu muera!
Teño, sí, dende mui neno
un pensar en min metido:
¡qu'os pueblos deben honrar
a os fiyos esclarecidos!*

Era Conrado un home de xucios controvertidos entre a xente pol sou carácter ríxido y vehemente que lo levaba a miudo a enfrentamentos, verbales úas veces y escritos outros, en defensa dos sous puntos de vista sobre costíoís da política ou sobre cualquera outra cousa que nun taba ou nun se fía al sou gusto, pro naide ye negaba un arreigado tapieguismo; y nesa defensa y exaltación dos valores tapiegos, hai que dicir que foi peza decisiva na comisión organizadora pra levantar a estatua a Don Fernando Casariego, el gran benefactor de Tapia, inaugurada nas festas del Carne del ano 1930. Nel programa das festas y d'esos actos deixóu Conrado

us versos que comenzan así:

*"Vide, sí, camín de Tapia
con motivo del Carmelo
y'a inauguración da estatua
del marqués de Casariego"*

A afición pola música que Conrado tía é ben patente y pode dicirse qu'en cuase todas as funcións teatrales nas qu'él intervía d'un xeito ou d'outro se poñía un número musical. Penso qu'el tango *"Todo en la vida es mentira"*, con música de Leonardo Reinante, foi el última obra súa que s'editóu, y eu tuven nas maos un exemplar d'esa partitura, pois aló pol ano 1947 ou 1948 entregóunola a os compoñentes da orquesta *Allegro* pra que la tocásemos. Así lo fixemos y el día del "estreno" personóuse nel baile del salón *La Terraza* de Tapia unde actuábamos a os domingos, pra escuitala. Y foise mui contento d'ouguila; ou a lo menos parecéunolo, pois notábaseye nel sembrante.

Condo escribo esta nota nun sei si xa se fexo a presentación del obra da que falo nel empezo, y por elo tampoucu sei si se levaría a bon fin a idea de qu'un grupo de rapaces interpretase nese acto as tres pezas musicales das que consta. En calquer caso brindo a os animosos compoñentes da coral polifónica da vila a proposta de que las ensayen y las incorporen al sou repertorio pra que podan ofrecelas á xente nos sous concertos. Penso que todos ye lo estimaríamos.

¹El texto completo d'esta poesía, así como algús outros datos qu'aparecen neste escrito, déboyos al empeño investigador de Xosé Miguel Suárez, que mos facilitóu, cousa que ye agradezo.

A VEIGA d'aniversario

↓ Antonio Javier Sánchez Castro

El venres 9 d'abril pasao pechábase na Casa de Cultura da Veiga a exposición 95º Aniversario de La Obrera cúa que, dende el asociación Amigos da Veiga y el sou Conceyo, cuntando col axuda del Conceyo local, quería fer un homenaxe á Sociedad de Socorros Mutuos de Obreros "Amigos" que por máis de tres décadas ermanóu a os veigueños sin dar máis a ideoloxía ou a condición social y, al tempo, valía pra recordar el 95º aniversario "oficial" que se cumprira el día 3 d'outubre de 1998.

Os visitantes puderon repasar, gracias a os paneles informativos, el proceso hestórico vivido pola mutualidá, ademáis de conocer as actividades feitas dentro d'ella, as coberturas sociales cuas que se defendía a os asociaos condo chegaba dalgúa desgracia por causa da enfermédá ou da morte, y buscar achegaos que foran del

colectivo na llista d'asociaos. Tamén é a primeira vez que se puido ver a documentación que pertenez al patrimonio social de *La Obrera*: os llibros d'actas feitos polas Xuntas xeneral y directiva, os reglamentos de 1903 y 1919, el llibro d'asociaos, recibos de cuotas sociales, xustificantes del cobro de dietas por enfermédá, llibros de contas, etc.

A mostra tuvo antias un ciclo de dúas conferencias dadas a lo llargo del mes de xeneiro pasao. Na primeira d'ellas, y col título "El mutualismo en Asturias", el profesor d'Hestoria Contemporánea da Universidad d'Uviéu, Jorge Uría González —ún dos miyores conocedores del fenómeno tanto a nivel asturiano como español— fai un esbozo ben interesante del fenómeno mutualista en Asturias col qu'el orador non sólo abre d'un xeito xeneral el ambiente que se vivía na nosa Comunidá Autónoma da que nacía *La Obrera* (nome col que perviviu na memoria colectiva), senón que, trespasando el límite das sociedades de socorros mutuos, describe el panorama asociativo unde se podían encuadrar outras asociacións locais (Pósito marítimo-terrestre d'Abres y sindicatos de llabradores).

A segunda conferencia, "La Obrera: historia y patrimonio de Vegadeo", feita pol autor d'estas renguileiras, repasa a hestoria da mutualidá recordando os sous empezos tan difíciles cúa oposición amostra-

da polas autoridades políticas y relixosas locales, cómo foi enreizando axeito entre a xente haste ferse el asociación máis popular y con máis asociaos del Conceyo y a súa desaparición como resultao indirecto da Guerra Civil. Entrambas y dúas conferencias foron reproducidas dafeito nel nº 16 de *La Vega*, publicación bimensual editada pol asociación organizadora del acto.



La Obrera, hestoria y patrimonio da Veiga

Anque é verdá que nun podemos deixar de ver connotacións políticas nel peteiro de fundadores de *La Obrera*, hai que dicir qu'esta asociación acabóu convirtiéndose, col paso del tempo, nel principal foco de sociabilidad popular da Veiga sin dar máis as tendencias políticas y a condición social dos sous asociaos (mutualidá popular). Al rové qu'outros colectivos elitistas (*Tertulia de Recreo*), obreiros (*Sociedad de Oficios Varios*) ou de llabradores (tanto el asociación laica como os sindicatos católicos), esta mutualidá ábrese a todos os veigueños igual, sin vetos ideolóxicos ou profesionales (sociedad abierta). El única escepción é qu'a muyer nunca puido ser parte da mutualidá nas categorías básicas y namáis se yes reconocéu el sou papel benefactor; y, anque col paso del tempo as asociacións novas fundadas na Veiga acabaron sendo máis abertas col elemento femenino, *La Obrera* siguiu así, esfoutada núnas disposicións estatutarias que, paradóxicamente, en nengún momento dan razón d'impedimentos por causa del xénero.



DENOMINACIÓN Y OBJETO DE LA SOCIEDAD

CAPÍTULO I

ARTÍCULO 1.º Se declara subsistente la Sociedad que con el título de **Obreros Amigos** se fundó en esta villa, según acta de constitución de 4 de Octubre de 1903; se compondrá de un número ilimitado de socios y seguirá teniendo su domicilio legal en la misma para todos los efectos

ART. 2.º Su objeto es proporcionar a los socios a ella pertenecientes, una pensión diaria en caso de enfermedad, la asistencia médica y farmacéutica cuando lo permitan los fondos sociales, y a sus hijos menores de edad que no reúnan las condiciones reglamentarias para su ingreso en la Sociedad, la instrucción que se facilite en sus clases de enseñanza, biblioteca y conferencias que se organicen. A este fin se procurará conservar personal docente idóneo para las diversas

Posta a andar por republicanos locales mui agayosos (Francisco Rubal, Antonio María Rodríguez, etc.) con fines proselitistas ben claros, pouquín a pouco vai aféndose entre úa clas obreira qu'einda nun ye chegaran as influencias del socialismo ou del anarquismo. Os sectores conservadores del conceyo, que tán dirixidos por Everardo Villamil y que controlan el goberno local con xeitos caciquiles a os que sacan abonda rendedeira, empezan úa lluita xorda contra el asociación nova, pero nun sacaron muito agá menguar un tempo a medría de *La Obrera* núa batalla que xa taba perdida al empezar; as condicións de vida del obreiro local iban ser el miyor aval pra qu'el asociación fora afixándose. Rindíndose ás evidencias y desque perderan el medo a un asociacionismo obreiro de xeito reivindicativo, acabarían por ferse protectores activos da colectividá.

A pesar del sou carácter apolítico tan claro, os reformistas (que seguían a Lorient y Melquiades Álvarez) son el grupo político que sacou os mayores beneficios da iniciativa. Pol sou llao, os obreiros locales han a aprender as ventaxas del asociacionismo dentro de *La Obrera* axudando nel llabor dos socialistas da villa vecía de Ribadeo pr'amañar úa sociedade d'Oficios Varios na Veiga alló pol ano 1919.

Os efectos qu'en España trouxo a 1ª Guerra Mundial tamén tiveron que ver directamente nos índices d'afiliación, oumentando el número d'altas. A subida dos precios dos productos de primeira necesidá, amáis del desabastecemento xeneral en lluga-

res, villas y ciudades por causa del bloqueo marítimo dos buques alemanes y as vías de comunicación terrestres tan ruias, fixeron qu'houbiera úa "crisis d'abastecementos" al llargo del inverno de 1917-18, qu'os sous efectos mazaron con máis dramatismo nos sectores populares que vían cómo s'emprobecía einda máis, se pode ser, a súa dieta alimentaria. A mutualidá métese con agayo na lluita contra a subida de precios dos productos de primeira necesidá estudiando el problema y fendo propostas al Consistorio pra combatello. A situación empiora col brote del mal chamao "*gripe español*" que trouxo ese inverno un oumento curioso dos índices de morbilidá y mortandá. Dende *La Obrera* encárase a situación el miyor que se pode. A pesr del número tan grande de xente que recibe dietas por enfermédá, non sólo se cumpre puntualmente pagando el subsidio senón qu'hasta nesos momentos críticos s'oumenta a cantidá. Amáis, axúdase económicamente con úa *Junta Popular de socorros pro epidemia* amañada na villa. Dende estos momentos xa tein el sou prestixio ben ganao. Éntrase, polo tanto, nos anos 20 sensibilizaos del todo cos problemas da Veiga; un exemplo d'eso é el frente comun que s'amaña cua *Sociedad de Oficios Varios* y col *Asociación Agrícola* pra reivindicar el Ferrocarril Ferrol-Xixón. A etapa nova empezada por Primo de Rivera volvéu obrigar al asociación a acuparse dos sous asuntos internos; así y todo, participouse nel Conceyo corporativo.

Grupos de socios, obxetivos y prestacióis

Cuatro son as categorías que s'estreman nel sou conxunto social: *fundadores* y *numerarios*, categorías básicas y únicas que recibían el subsidio d'enfermedá ou defunción; *protectores* y *de mérito*, categorías honoríficas pr'aquellas personas que polas súas accióis ou donativos axudaran á mutualidá (carácter asistencial).

Anque al empezar se proyecta como úa asociación cultural unde os sous nembros pudieran oumentar el sou nivel cultural con clases de noite, conferencias, biblioteca y gabinete de llectura, da que foi pasando el tempo esta faceta vai quedar menguada pra un segundo plano en beneficio da variante mutualista. A educación d'adultos, ún dos primeiros esmolementos del asociación qu'acababa de nacer, bota a andar en 1904 da mao d'úa *Junta de Instrucción* y nun pinta que pasara del primeiro ano de funcionamento por causa, quizabes, de que dende el Conceyo —cumprindo a llexislación vixente— poinse en marcha as clases pr'adultos. El demáis, a educación pensada pra os fiyos dos asociaos si vai medrar pouco a pouco da mao, primeiro de todo, d'úa comisión educativa que vén funcionando alreedor de 1910 y, máis tarde, da mao de Federico Magadán. As faltas d'infraestructuras del conceyo y a masificación nas escolas unitarias xustifican qu'a iniciativa xurdira y se llograra.



Trabayadores d'úa fábrica de conservas das Figueiras arredor de 1897

La Obrera brinda a os sous asociaos úa pensión diaria en caso d'enfermedá que vai, según el época, dende 1 a 2 pesetas, pra compensar el que nun entre el xornal na casa del obreiro. De primeiro queríase ir oumentando pouquín a pouco as dietas hasta chegar a cubrir a cantidá qu'el obreiro deixa de cobrar mentres ta malo. A práctica vai obrigar a poñer úa cuota fixa que col paso del tempo vai perder poder adquisitivo.

En caso de defunción a mutualidá brinda a os familiares directos del falecido un subsidio, entre 25 y 50 pesetas según el época, pra mirar de tapar os gastos del enterro. Amáis, camín del cementerio, el cadabre tía que ser acompañado por úa comisión de socios. Al empezo falábase da cobertura farmacéutica y da subvención pra tomar as auguas ou baños melecieiros.

Pra fer frente a os subsidios bótase mao das cuotas mensuales dos mesmos asociaos y, en momentos mui cuntaos, a os donativos dos notables da villa, nunca del Conceyo ou outras institucións públicas. A renta del patrimonio social (local, bancos, mesas, siyas ou tocadiscos) valye tamén pra recaudar fondos.

República y Guerra Civil

A Veiga vive el periodo republicano, sobre todo a partir dos sucesos revolucionarios d'outubre de 1934 que train emparexao el cese del alcalde Antonio Osorio y el metá del Consistorio (conceyales socialistas y radical-socialistas), d'un xeito un daqué traumático. El cambeo prá dereta dos reformistas que van cos conservadores monárquicos ás eleccións mu-

nicipales del 12 d'abril, xebra a política local en dous bandos enfrentaos claramente dende os empezos del periodo democrático. A situación d'enfrentamento que se vive na política ten el sou reflexo na convivencia social y *La Obrera*, como primeiro esponente das relacións interclasistas, vai ser sensible a esa situación. As assembleas xenerales acaban en "gallineiros", como dalgún testigo del época las chegou a chamar; pol sou llao, as xuntas da directiva son diálogos de xordos. A situación nun pinta que teña amaño. As baxas de dalgús asociaos vein úa detrás d'outra (el párraco José Rodríguez Fernández), dimisión presidencial (Justo G. Andina, desque renuncia al cargo presidencial, dáse de baxa) y, por suposto, el que pasou despóis de qu'a villa la acuparan as "columnas gallegas" nun foi lo miyor pra volver a calma al colectivo.

A Guerra Civil abre un camín sin volta pra *La Obrera*. Anque llogran el permiso pra seguir funcionando aveirándose núa llexislación que xa trouxera a disolución del resto d'asociacións non confesionales da Veiga, el asociación nun foi quen a volver a xurdir. Se antano fora un sito d'encontro pra todos os veigueños sin dar máis a condición social ou tendencia política, agora namáis siguen dentro d'ella os adictos al "Glorioso Movimiento Nacional". A gana dos vencedores de desamañar todo el entramao societario herdao del periodo anterior nun é quen a chegar al extremo, pero as condicións pididas pra seguir funcionando deixaron mancada de morte á colectividá. Dende 1938, ano en que todos aquellos asociaos que nel periodo democrático tiraran pral Frente Popular terían que darse de baxa nel colectivo, éntrase núa etapa d'encoyemento con un acabo qu'iba chegar cua mesma disolución del asociación. Xa tamos nos empezos da década dos 60.

El Efecto Venturi

↓ José Manuel Martínez Castro

Antias de que fixesen A Rectoral, de Taramunde falábase máis ben pouco inclusive nel resto d'Asturias. Agora, en cambeo, véndense un feixe de cousas col nome del conceyo como calidá d'orixe: artesanía corrente como a de tantos outros lugares, un queixo nin miyor nin pior qu'el feito por cualquier pastor d'Ibias ou dos Ozcos, embutido, mel, auguardente caseiro como enxamáis se conocéu y el letreiro de sito arredao de guapura sin igual y paz asosegante, escuruxao y aveirao del bule-bule da Civilización.

De todo lo dito é certo el sosego, y tamén a letanía del aveiro y a paz; y é máis de falar a guapura d'un lugar encuberto entre montes de bouza y valeiro por tanto de vistas, d'horizonte. Però é Taramunde (a capital del conceyo) el aira d'un conxunto-etnográfico que nos Teixóis amós-trayes a os visitantes —y non sin qu'éstos s'esmilagren— algúas aplicacións da forza hidráulica na técnica de trabayar el ferro. Esta artesanía del metal si esistía antias de qu'A Rectoral abriera as súas portas, y éache aponderada con todo merecemento muito primeiro de qu'as políticas turísticas d'algúa administración ye botaran el oyo al sito arredao, á guapura sin igual y a todo lo demáis.

El conxunto etnográfico guárdase en tres ou cuatro casas antigas con lousao que pintan chiscaduras d'un regueiro pequeno nel sou baxar polas costías d'un vlegato verde y húmedo; y a él se chega —al conxunto—, despóis de pagar úa entrada cuase simbólica y de pidir a guía d'úa señora mayor, de seguro conocedora d'aquelo por ser vecía d'alí, y quizáis da casa d'úa das últimas familias que siguiron aprofitando el trabayo núa ferreiría ben orixinal, qu'emprea pral sou labor el empuxe del augua.

Esa mesma auga que s'arrebola monte embaxo foi a protagonista del caso un verao, pol mes de xullo, ferá xa cinco ou seis anos. A señora amostrábase el lugar a un peteiro de visitantes, a mayoría madrileños de vacacións pol Norte, y íbamola seguindo con respeito d'úa construción pra outra. El oxeto máis interesante del sou repertorio guardábase xustamente na ferreiría, y era elo a mesma fraugua. A muyería esplicábanos cómo el augua baxa por un varal largo de madera y arría na súa cayida al aire, sirviendo así de barquín pr'asoprar nel lume; y esto de qu'un regatín d'augua ye dera el rixo á lapa parez que nun lo acababan de crer os educaos visitantes.

Todo el mundo vira el xenerador, úa dinamo que tresforma a enerxía mecánica del augua en letrecidá, y nun había miga raro nelo; tamén nos ensinára cómo a retrincada del augua movía un mazo pra petar nel incra; pro eso de qu'el augua valira pra espilir el lume era idea que pasaba y qu'al mesmo tempo nun se deixaba querer, xa que dende sempre augua y lume son dúas cousas opostas.

A probe muyer vía a cara de desasosego d'algún forasteiro y, avezada quén sabe por quén: úa fiya maestra, un conceyeiro perito, un funcionario del Principao qu'un día malaconsejóula —"si no lo entienden, usted explíqueles lo siguiente..."—, pois vai y espeta con toda inocencia nel sintío da palabra, marcadamente acentuao en galego: "Este es el Efecto Venturi, que lo tenemos aquí, en Taramundi", prendendo al tempo el lume da fraugua y as cacaradas dos madrileños.

A muyería, sacada da súa conocencia elemental, nun era quen a precatarse de qu'el Efecto Venturi e un principio da Física, y como tal úa lei universal, valideira por tanto pra Taramunde, pro tamén pral pobo d'al lao ou pras antípodas dos Teixóis. Na súa inorancia benintencionada amostróu a os de fora daqué corrente, algo que pasa en todas as partes y qu'elos tamén podían saber por si, como se eso fose dalgo de berencia, dalgo propio del patrimonio cultural y tecnolóxico d'aquel museo etnográfico.

Acó chegóu el caso, que núa lectura primeira nun debiera pasar de conto prestoso, de chiste cuase... Se nun fora porque vexo nél daqué máis fondo y común. É úa hestoria que s'espeya de sou por si na realidade, bríndase axina pra buscar el molde, a mostra xeneral d'unde salíu; y nesa laboría nun teño deixao de volver a ela muitas veces dende entós. Vexo á probe muyer delante d'un piñolo de forasteiros, xente que vén de fora d'Asturias; véxola como pidiendo axuda y dando laya, y esmóleme. Píntaseme



mesmamente como úa personificación d'Asturias, que baratúa el sou patrimonio, a súa riqueza cultural y biolóxica y el máis nobre da súa hestoria, ou, inda pior, úsalos pra que sirvan d'hestoria, de riqueza y de patrimonio noutras partes.

Acó temos emprego sempre el noso pasao pra poder explicar el d'España: Cuadonga, el Reino d'Asturias (del Atlántico portugués a Orduña y Vitoria), el prerrománico das nosas igresias, el Camín de Santiago aberto polos nosos reis mirando pra Europa, en tempos nos qu'inclusive aquelas comunidades de máis enreizo nacionalismo (Euzkadi) nin existían como espacio político, ou namáis como señoríos y condaos pirenaicos (Cataluña). Acó nun nos fexo falta nunca botar mao de batayas fabulosas como a d'Arrigorriaga (vascos) ou del mito d'úa Cataluña ama del Mediterráneo condo éste era el outéntico centro del Mundo. Todos esos nomes propios dá nosa hestoria son verdá; sin embargo nun aturamos máis qu'a explicar con elos por qué nacéu España, cómo os asturianos somosche a casa patrucia da nación española ou únde empeza na realidá a terra reconquistada.

Ernesto Giménez Caballero escribiu: "Asturias es la montaña, puesta allí por Dios como guía caudillal de nuestro Destino para salvar siempre a España". Esa é a nosa xeira: salvar sempre a España; nun temos outra. Por eso nun é d'extrañar que personas con algúa importancia social na nosa rexón proclamen inda hoi cousas tales: "El Estado tiene una gran deuda histórica con el Principado y no lo puede dejar en la estacada". Ou, dito d'outro xeito, os asturianos nun temos qu'esmolemos por conceutos como desarrollo, inversión, progreso, etc. Todo eso ten que dánolo xa el Estao español a conta das trabayosas laborías feitas por Asturias. Esperar como as ánimas y durmir, peturriar en Madrid y chorar acongoxaos a zuna da distancia y el aislamiento. Y se dacondo á patria dáye un estracón, entós si, entoncias hemos subir outra vez a Cuadonga, ou máis pr'arriba inda, pras pedras del Mons Vindius, pra os brancos curumes dos Picos d'Europa, y salvaremos a España del aperto.

Agora ben, este xeito de tar tan por riba de todo leva sin remedio a refugar un camín de futuro. A un pobo así de finchao, que pode sentirse tan farruco como pra rirse da súa mesma lingua delante de parentes ou vecíos, vaiye costar muito ser quen a crear úa etiqueta de calidá, úa chamada pr'amostrarse a os demáis y salir fora. Feríanos falta un isquilín d'esa señardá que Jon Juaristi³ atopa nos nacionalismos pra deixar d'espurrirnos y rebaxar el sentir guardador das Españas, el *co-vadonguismo* que nos bota fora del noso camín, da nosa hestoria y nun deixa d'emprobecernos como pobo.

Mentramentes seguirá algún dos nosos empresarios hosteleiros chufándose de ter brindao en Madrid el *campanu*, a primicia dos ríos asturianos, pra que lo podan papar us contos homes de negocios da capital. Siguiremos crendo que temos un príncipe porque este principao adórnalo col sou título, y cualquier día delante d'un peteiro de veraniantes madrileños darémonos de conta de qu'a lacena da nosa hestoria y da nosa cultura valeiróuse, y tamén el presente; y esqueiraremos entoncias por atopar cualquier cousa que vala pra encher el tempo dos visitantes y salvar a nosa dignidá; quizabes daqué tan universal y ayén como el *Efecto Venturi*.

NOTAS:

¹GIMÉNEZ CABALLERO, E., *Afirmaciones sobre Asturias*, Uviéu, 1945.

²Declaracións de Manuel Fernández "Lito", sindicalista d'UGT, nel diario *El Comercio*, 7 de decembre de 1998.

³JURISTI, J., *El bucle melancólico*, Madrid, 1997.

Sobre os PRADOS y os VALADOS

Agora que xa case chegamos a ser un das zonas máis productivas en algúns dos recursos agropecuarios, sobre todo nel gado de leite y nel de produción de madeira pra pasta de papel -a costa de sacarlle al terreo moitas das reservas que tiña-, temos que esmolernos moito máis por darlle a terra lo que necesita y axudar a que el entorno seña máis natural.

↓ Jesús Fernández Gayol

Xa sabemos que col clima que temos y col que nos chove, se nun yes botamos cuito ás terras cada vez apelmázanse máis y perden a fertilidá, pro agora esto complicase abondo porque os caseiros na zona da marina oumentaron as ganadeirías y amañase úa cantidá de surrio enorme qu'hai que tratar y manexar ben pra que nun seña un problema nel futuro. Temos que párnos a pensar ante a situación nova que ta provocando el que cada vaca produce máis de dez toneladas de surrio al ano, pois condo pasen us anos máis hanse acidificar moito as terras pol esceso de nitratos y hanse a contaminar os regueiros y os ríos polas arroyadas y os lavados dos prados al chover.

Se nun se fain ben as cousas y se sigue botando demasiado surrio hanse a chegar a contaminar os prados polos moitos metais (cobre y cin) qu'avezan a ter algú pensos enriquecidos, han a parecer moitas máis malas herbas y hanse a provocar pH mui altos por causa dos sales amónicos que nun deixan medrar ben as prantas. Todo esto vai acabar provocando desequilibrios na alimentación non só das vacas senón tamén das personas.

Os valados

Pro neste cambeo pra ser máis productivos tamén se fixeron outras cousas como quitar todos os valados pra xuntar as fincas y pra nun perder nada de terra agrícola, col que se perdéu el efecto cortaventos que faguían y s'alterió máis einda a biodi-

versidá y a riqueza biolóxica que tíamos antes. É verdá que coa parcelación que tían antano as fincas nun se podía producir nin trabayar as terras como se fai agora, pro tamén é certo que nos lindeiros novos podían poñerse valados qu'abrigaran as terras y as vacas dos ventos y del sol, nel canto de poñer alambradas. Tamén taba ben pensar que se fixéramos os valados con prantas autóctonas, que dan frutos y flores, podían valer pra daryes algo de cumer a os páxaros y ás abeyas, col qu'íbamos ter úa búa axuda pra controlar algúas pragas producidas polos viermos y úa miyor polinización dos frutales, que búa falta yes fai, porque cada vez pinta que yes costa máis caro dar a fruta.

Úa situación que ten que mudar

Se xuntamos estos dous exemplos col resto das alteracións que se fixeron nestos vinte ou trenta anos últimos, por causa das queimas dos montes, das prantacións con especies que medran mui axina, das roturacións pra feir prados, etc., deberíanos levar a pensar que nun podemos seguir moito máis tempo así, porque volver ter úa búa biodiversidá y úa búa riqueza biolóxica tárdase moito tempo. Fainos falta tomar conciencia d'úa vez por todas de que coas miyoras que se fixeron vivimos moito miyor y qu'esto é fundamental, pro que, de volta, temos qu'axudar a qu'haxa un miyor equilibrio natural porque se non nun s'ha poder vivir como vivimos einda agora. Y é que, tamén, íbamos deixar úa mala herencia pra os que veñan detrás.

¡As voltas qu'o mundo dá...!



↓ Cándido Sanjurjo Fernández

Préstanos volver cuntar nas páxinas da revista cúa presenza de Cándido Sanjurjo, un veigueño d'Abres bon conocedor da hestoria local que na súa acordanza lleva escenas y recordos que namáis os anos poden dar. Fálanos dos tempos pasados, da llá, das zocas, dos molíos, das herbas... y sempre, entremedias, a discusión sobre a nosa identidade.

A córdome como se fora agora mesmo, d'oir-lle contar a miña abola paterna –que viviu sempre con nosoutros– de cando ela, na casa de seus padres, tecía con fío de lin ou de lá, no seu *tear volante* (así lle chamaba, qu'ó parecer era unha modernidá naquel tempo), colchas, sabas, tuallas e variedá de telas pra usos correntes. Incluso tecía facendo dibuxos e cores, pro pra eso era preciso *tinguir* as madeixas.

Por certo que, ademáis do tecido ben feito, o que lle daba finura e delicadeza ó pano da tea era o fío utilizado, tanto na urdimbre como na trama. Neso había grandes diferencias. Recordo cando aínda s'usaban na casa colchas *de trapos* feitas por miña abola, qu'eran tesas e pesadas, e suxetaban mui ben a roupa das camas –se nun se revolvía ún muito e igual caía polo tarreo–, e tiñan muitos gorolos porque as tiras de tea retorcidas de qu'eran feitas nun foran cortadas ben iguais ou tiñan costuras ou mendas ou quen sabe.

Eran labores aqueles d'artesanía popular, nos que regularmente s'apreciaban diferencias mui notables na calidá das materias primas utilizadas e na habilidá, arte e bon gusto de quen os facía.

A arte da lá

Miña abola citada era habilísima e escrupulosa tecedora de lá –cas agullas, qu'eu o tear nun llo conocín– e si lle vin facer o proceso todo da lá: desde

rapar o cordeiro (que case sempre tiñamos un cordeiro, e cando medraba e turraba, meus padres vendían e compraban outro máis pequeno), lavar e relavar a lá, unha y outra vez, quitarlle espiñas e cantas cousas estrañas tuvese, escarpuñala, qu'era ila poñendo humilde e esponxada, esfrebada ou nun sei cómo dicir, qu'eu creo qu'era o máis importante, pra que logo, posta na roca atada con unha trenza ou un ourelo, se fose soltando ben ó fiala.

É verdá que tiña muito tempo pra dedicarlle ó arte, porque traballaba de *guardabarrera* no paso a nivel d'Abres, unde cruzaba a carretera (agora N-640) o ferrocarril mineiro qu'houbó de Vilaodríz a Ribadeo, e os tempos intermedios entre o paso d'un e outro tren en que tiña levantados os *palos* que servían de barreiras, aproveitábaos pros labores da lá.

Daquela todas as mulleres fiaban, incluída miña madre, pro tan ben coma miña abola ningunha. Ela sabía por esperencia qu'a calidá final da obra dependía en muito do fío. Tiña tal xeito d'ir estirando as frebas de lá, mollando cada pouco a punta dos didos na lingua, ó tempo que ca outra mao lle facía dar voltas ó fuso a toda velocidá, qu'iba sacando un fío tan igualado e seguido que parecía de fábrica.

Nunca soupen cómo medían a cantidá de lá que s'había de poñer na roca de cada vez. O caso é que ben calculaban, porque cada rocada de lá, ó fiala, enchía o fuso unha vez coma outra, e cada fusa-

do daba un nuvelo, e eu vía que todos os nuvelos parecían iguais.

Despóis torcía a lá: collía un cabo de cada ún de dous nuvelos, xuntábaos, e atábaos nun ganchín que tiña na punta o eixe da parafusa. Esta diferenciábase do fuso en qu'él tiña máis pequena a rodela que servía de volante, y era feito ó torno, equilibrado, y o eixe era aguzado, e na punta levaba unha amozcadura en espiral unde encaxaba o fío conforme s'iba fiando, e permitía imprimirlle cos didos o movemento rotativo sin qu'o fío estorbase.

A parafusa era máis rústica. Tiña a rodela máis grande pra coller ben *vuelo*, y o eixe era un garabullo dreito, sin aguzar, d'algo menos de media pulgada de gordo e unha cuarta de largo; na punta chantábaselle un ganchín metálico. Enganchados os fíos, facíaos pasar aparexados por encima da cabeza, facendo que descolgase algo máis de media vara, e collido o eixe da parafusa entre as palmas das dúas maos, imprimíalle un movemento xiratorio rápido, co cual iba torcendo un fío sobre o outro, quedando un solo cordón, máis gordo, máis consistente, a propósito xa pra, cas agullas, calcetar os chapíños, qu'era o meirande destino da lá torcida. Tamén facían guantes e manoplas e bufandas, e *jersés*, pro en menos cantida.

Durmín algún tempo nunha casa d'un lugar da montaña, en sabas de lá. Querse dicir, da lá da tea era a saba de baixo; a de riba era de lenzo. Os cobertores y a colcha si qu'eran de lá tecida na casa e das ovellas da casa. A verdá é que picaba, pro quedéime asombrado da finura do fío, tan igual e tan delgado, y o tecido sin gorolo ningún, nin por un lado nin polo outro. Daquela xa había muito que morrera miña abola, pro acordéime d'ela vendo aquela obra ben feita, do oficio qu'ela tivera na súa mocedad.

A maña, a virtú, a arte, nun é patrimonio d'esto ou d'aquelo ou do de máis aló: é d'unda nace ou unde *pacé*, sea no mundo urbano ou no rural.

Chapiños e zocas



Nun digo sabas de tea y outras prendas de lá que na miña crianza —na miña casa— xa nun s'usaron, pro os *chapiños de lá* usábaos *todo Dios*, pequenos e grandes, ricos e probes, homes e mulleres, feitos na casa ou comprados no mercado. Porque era o mellor calcetín, fose posto a laso ou por encima da media, pra calzar nas zocas ou galochas (qu'igual dá chamarlles d'un xeito que do outro), qu'era o calzado máis popular, máis abrigado, máis enxuto e máis barato, d'uso diario nas aldeas todas da comarca.

Zoqueiros había muitos. Aquí na parroquia d'Abres, sendo eu neno, facían zocas Benjamín y *O Pando de Moreno*, en Refoxós; na Ponte zoqueaba pró gasto da casa o *Tío Jesús da Pedreira*, e intentou aprender Aladio de Saturno. Na Rúa facíaa *O Chapparro*; na Cruxa de Riba, o *Tío José de Barrera*, e na



O túnel do Fornacho

Mundiña *O Forniga*. Verdadeiro zoqueiro e barbeiro era o *Tío Manuel da Patela*, a unde íbamos nosoutros cortar o pelo e tomar a medida prás zocas; sempre as gastábamos d'alí.

O Pando (Benito do Moreno) era bon zoqueiro, facía *zocas de zapato*, mui chulas, por encarga e máis caras —xa ora—. Aló polos anos trinta e pico, viñeran dous irmaos, d'Abadín, e poñéronse a facer zocas por encarga, nos baixos do *Pósito*, e facíanas tan ben, do estilo que se lles pidise, de zapato, dibuxadas, pra poñerlles cañas de neumáticos de camión... O que se quixese. Tuvéron aquí tempo e tempo zoqueando canto quixeron, e despóis casáronse e establecéronse por aquí, pola mariña.

Poucas cousas habería d'uso cotidiano en toda a poboación rural da conca do Eo, como os chapíños y as zocas. Zocas de zapatilla —que máis ben foron pra uso das mulleres, e nalgún caso pra homes, pro non pra traballar nas faenas do agro e dos montes—, esas sigue habéndoas en uso. Pro zocas de chapín, aquelas que daban contra os nuelos ós qu'éramos zoupóis, as que nos facían bultos como lobanillos no empeine dos pés, as que partían en cachos ás veces xogando *á pelota* con unha naranxa brava diante da Escola, aquelas que ben puideran chamarse científicamente *Galochis rusticarum vulgaris*, esas nun s'encontran xa nun sendo no museo de Grandas de Salime.

Conservo un cuitelo do gonzo e unha aixola que foron d'un zoqueiro, pro de zocas, nin rastro. ¡Van tantos anos...! Chapíños de lá natural, feitos a mao, nin en museo, nin en comercio, fai muito tempo que nun os vin. ¿Viron ustedes algunha muller fiando, torcendo ou calcetando a lá? ¿Cándo foi...? O progreso humano, o práctico, o que mellora as condicións de vida de todos, superou de forma evidente as zocas y os chapíños. Hoi calza igual a xente da aldea qu'a da vila, y o mesmo aquí qu'en Francia ou en Buenos Aires... E, pensándoo ben, aquilo que máis nos tiña apegados á terra, qu'era o calzado d'antes, pasou, perdéu a utilidá, pasou a ser peza de museo...

¡Cántas veces, andando polos camiños con poceiras se nos metía a lama nas zocas, e ó enxugar fa-

cía lombos de terra dura dentro d'elas, que llos había que quitar con un garabullo duro y aguizado!

¡Cántas veces chegábase ó pé do lume cos pes fríos coma neve e se cadra mollados, e botábase dentro das zocas boas brasas da lareira, e sacudíamolas pra que nolas calentaran por dentro, e valeirábamolas outra vez no lume e calzábamolas de presa, qu'era un placer aquela caloriña nos pés...!

¡Cántas veces as ferrábamos, con aqueles cravos a propósito, qu'os había de ferreiro e de fábrica, e foron a pesadilla y a desgracia dos que tiñan bicicleta, e hasta dos autos, aínda unhos cuantos anos...!

Tan universales eran as boas das galochas que, no ano 1929, interpretando unha comedia de costumbres rurales, un vello, sentado nun tallo á porta da casa, de paso que ferraba unha zoca, cantaba: "*O probe do labrador/ é toda a vida un cuitado:/ pola mansedume, ovella:/ burro, porque vai ferrado...*".

¡Cántas veces, ó regañaren por causa d'un golpe, as encanterlábamos con un alambre estrapelado pra que se ceñise mellor e valise pra seguir calzando hasta que rompese de todo...!

A nosa identidá

Aquel xeito de vida, aqueles usos e costumbres que xa viñan de máis atrás de nosos tatarabos e chegaron hasta a nosa mocedad sendo verdadeiras señas da nosa identidá e da nosa cultura, perdéronse, substituídos por outros máis cómodos e máis universales. ¿Perdéuse con eles a nosa identidá individual ou colectiva?

Préstame ver nos museos as cousas que nos dan a saber cómo foi o pasado, máis remoto ou máis de pouco, e opino que todos debemos colaborar pra que se conserve memoria de canto foi acontecendo nun lado e noutro, que todo o pasado colaborou pra que chegásemos a conseguir a abundancia de todo canto agora pode disfrutar... a xente que pode. Préstame incluso reler de cando en cando libros vellos, con outra ortografía e outro léxico que s'usou en lugares e tempos idos. Préstame lelos anque o que dicen nun teña agora ningún proveito. Pode qu'o tuvesen no seu momento, na súa circunstancia. Agora son pezas, mui valiosas pra min, pro pezas de museo.

O que me parece máis que nada unha soberana farsa é a proposición d'aquelles que, co pretexto de recuperar a nosa identidá e crear postos de traballo, queren que s'obrigue a cantos hai, pequenos e grandes, a qu'anden calzos en zocas e chapíños de lá da casa; pro non nas galochas que s'usaban en cada lugar, senón todos co modelo máis tosco, aquelas picudas e de dous talóis qu'usaban na montaña, que lles chamábase *de sete brinques*, que mui pouca xente conocéu, nin tan se-

quera na antigüedad, nun sendo os montañeses.

Outros, ou os mesmos, queren que s'amañen e se poñan a andar todos os molinos d'auga qu'houbou. Eu contéi censados no Catastro de Ensenada, feito na Casa da Pena de Piantón en abril de 1753, no territorio que colle agora o concello da Veiga, que son as parroquias de Meredo, Piantón, A Veiga, Paramios, Abres e Guiar, xa digo, contéi setenta e dous molinos. En Abres quedan dous qu'aínda molen (se hai qu'é); os d'aquí, das Aceas, no Río Eo, y os da Ferraría, no Río d'Oúria. Estes aínda poden moler porque tñan en ríos grandes que nun secanon. Os outros, os molinos de rego, quedaron secos os máis d'eles porque o arbolado sorbe a auga da terra, fai muita capa de mantillo qu'a retén, e tamén porque chove muito menos que ten chovido antes.

Tempos modernos e traballo

Hai muitas pamemas e muitas toluras. Nun se pensa máis qu'en acabar de presa e que coste pouco e nun dea traballo, sea o que sea. Se os tuvera, medraríanme os dentes cada vez que vexo unha máquina, grande ou pequena, fumigando herbicidas, sea nas leiras, sea nas carreteras. Xa nun vou dicir nas leiras, que cada ún no seu faga o que lle pareza; pro no común, no qu'é de disfrute de todos por igual, como son os valados e as veiras das carreteras e camiños vecinales, nun se debía de botar veneno, qu'o mesmo mata a mala herba como a boa.

Hai muita xente apuntada no paro que ben podía ganar o xornal cortando a maleza co fougín, cuidando de deixar as prantas d'airío que son ornamento e encanto de cada lugar: as madreselvas, as uñas de gato, os loureiros, os abruñeiros, os acebros, e aínda as silvas unde nun estorben, que dan amoras no brao, e os *caracoles* d'estoupar (*Digitalis lanata*), e hasta as mesmas hedras, que tanto engalanan o contorno cos seus contrastes de verdes, azules e colorados... E sobre todo nun causan ningún mal, e dan abrigo e alimento ós páxaros que cantan ó rayar o día...

Máis acorde co ambiente natural agrario era a figura do home —ou da muller— sachando co gadaño ou ca eixada, arrancando as carvés, as nocellas, os fariñentos, os polegos y outras malas herbas, movendo o espiñazo e os músculos todos do corpo, que favorecían a firmeza da columna vertebral, pra poder andar cos feixes ás costas e as sellas cheas d'auga da fonte á cabeza, e as cestadas de fruto, de cuito, de terra... e as tinadas de roupa pra lavar no río.

Ta visto que tanto queren recuperar o pasado algunhos que xa a maioría cre que, igual qu'en tempos idos, *o traballo manual envilece, deshonra, priva da nobreza*.

Algunhos, aínda ben d'eles, fomos e seremos villanos toda a vida.



FALANDO NEL DESVÁN

↓ Aurora Bermúdez Nava

El outro día, al chegar á casa despós d'úa búa temporada fora, coyín escaleiras pr'arriba, camín del desván. Esqueicéume xa el qu'iba buscar allí, pero van tardar muito tempo en írseme da cabeza todas as sensacións que me veron á memoria nun momento.

Namáis chegar al pico da escaleira sintín a voz del neno chamarme: —¡Mamá, mamá, espera!, quero subir y maquinar un pedacín.

Dito y feito: d'úa carreiría el meu homín prantouse nel descanso da escaleira y a súa cabecía roxa víase, caemente, á mesma altura qu'a máquina de desfer meiz, atorniyada naquel sito dende muito antes de qu'él nacera. Dedicóume a miyor das súas sonrisas, puxéronse os ocos beilariños de condo ta contento y agarróu el rabo da máquina, dándoye voltas, como se

aquello fose el mayor y máis moderno xuguete d'este mundo,

Eu siguín pr'alantre en busca de nun sei qué atopios, pero xa nun fun quen a atopallos. Sentéime al pé d'un ventano y viaxeí case trenta anos pr'atrás.

El desván, que daquela parecíame muito máis grande, taba chen de meiz; as espigas amontuábanse por todo el soyao y nel descanso, unde agora taba el neno, había un home xa veyo, meu bolo, que, con muitísima pacencia, desfía nas espigas, baxaba os carozos nun goxo prá cocía y botaba el grao en sacos pra llevallos al molín.



Lo que veu despós foi úa enorme sensación de pena, pero non por aqueles recordos, que pra min tán vivos y son úa riqueza, senón por a seguridá de qu'hai úa cultura, úas formas de vida, úa identidá que se perde y que xa nun queren dicir nada pras xeneracións novas.

Quizáis porque trabayo nesto, penséi axina nesos padres que nun queren qu'os sous fiyos teñan na escola clase de *fala* porque pensan que nun yes pode aportar nada de bon y que yes quita tempo d'outras materias máis "importantes".

¿Cómo nun son quen a ver, ou nun se yes enséña a ver, qu'esa parte da nosa cultura, xa case esquecida, pode manterse y recuperarse asina?

El conecemento del medio empeza pollo máis achegao a os nenos, pero lo máis achegao é a fala y os xeitos tradicionais

de vida que na escola nin se trabayan nin se valoran

abondo. Todo el mundo s'empaña

en qu'os nenos tein que falar

un bon castellano y ca-

se naide quer ver

que pra falar un bon

castellano hai que xer-

brar ben esta llingua da nosa.

Ésa é a única mane-

ra de nun mezclar as

palabras, as estruturas gramaticales, os xiros lingüísticos

proprios de cada úa y, asina, conociendo ben

as dúas, nun amecer úa col outra.

É úa verdá conocida por todos qu'el grande come al pequeno. Tamén se considera qu'esto nun é xusto. ¿Por qué entoncias a llingua "grande" y a cultura que vén de fora tein qu'apoderar as nosas? ¿Por qué úa xente qu'é capaz de preitirar pollas súas terras y os sous montes nun ten miga d'agayo pra pidi-
r que se manteñan y se defendan a súa cultura, a súa identidá y tamen a súa fala? ¿É que nun entenden
inda que tamén eso é úa riqueza y úa herencia pra os sous fiyos?

Se nun femos daqué pr'amañallo, dentro de pouco imos a ser un poblo sin memoria, sin pasao, y penso eu lo duro y triste que ten que ser ter a mente valleira, como os que tein amnesia, que se volven tollos porque nun saben quén son, porque
cualquera los pode embeleñar. Sin ir máis pr'alló, ¿nun se poin os veyos tristes, y ás veces de mal norte, con-
do nun son quen a acordarse de muitas cousas?

Ademáis de todo esto, pode dicírseye a esta xente que nas clases de *fala* poden tratarse, y trátanse, outros muchos temas que tein muito que ver
cua nosa realidade d'agora mesmo, temas que nos in-

teresan a todos y que tán nel famoso curriculum da Ensenanza Primaria: dende a ecoloxía hasta a educación prá salú, pasando por muitos outros.

Dous fiyos illustres d'un conceyo que nun ta mui lonxe del noso, el de Valdés -y que comparte con nosoutros a situación de bilingüismo-, fixeron reflesiós mui interesantes sobre esto. El Padre Galo dixo a principios d'este século: *"Bien se puede falar castellanu sin pur esu esta fala esquecer. Miyor sona falar dous falaxes hermanaos nel pensar ya'l querer"*. El ano pasao escuitéi á poetisa Nené Losada falar asina: *"Esqueicer la nuesa fala ye una pena; dexala morrer ye casi un pecáu"*.

Taba eu tan cega, tan dolorida pensando nestas cousas que nun vía nada máis. A manía del pequeno limpándome as llágrimas nos papos fíxome volver al presente, á realidade. Asustao, pasóume os brazos al-
redor del pescozo y subíseme al collo.

-¿Qué che pasa, ma?, ¿por qué choras?

Abracéilo todo conto

puiden y, mirándoye

a os oys, pra quitarye

el medo, contestéiye:

-Éche que m'entróu úa arga-

na nun oyo. Escuita, ¿ques que che cunte un

conto?

Había úa vez, hai muitos anos, úa familia d'oveyas que vivía nun molín, na veira d'un monte. Dicían que naquel monte había llobos y xa sabes qu'os llobos comen as oveyas. Por eso, el carneiro, qu'era el padre, y as oveyas grandes, as madres, sempre avisaban muito a os cordeiros pequenos de qu'había que ter cuidao cos llobos, que nun tían que salir solos, qu'había qu'avezarse a es-
cuitar y mirar ben lo que pasaba. Tamén yes cuntaban úas hestorias terribles das fechorías que fían os llobos pra meteryes el medo nel corpo.

Asina iba pasando el tempo y a familia d'oveyas medraba y vivía contenta. Però, un bon día, al carneiro y ás oveyas veyas empezóu a faltaryes a memoria. Pouco a pouco deixaron d'aconseyar a os cordeiros, xa nun yes cuntaban contos de medo, nun yes falaban dos peligros del lobo y a familia chegóu a esquecerse d'un vecín tan pouco axeitao.

Úa tarde d'inverno, casemente al escurecer, os llobos atacaron el rabaño y comeron todos os cordeiros. El carneiro y as oveyas nunca puderon quitar d'encima aquela pena, como úa llouxa.

-¿Y el lobo nun los matóu, mamá?

-Non, nenín. Matóulos pouco a pouco a señardá, os remordementos por nun enseñar ben a os sous fiyos.



Llibros



ACTAS DAS PRIMEIRAS SESIÓIS
D'ESTUDIO DEL OCCIDENTE.
CASTROPOL, 8 D'AGOSTO DE 1998

- Varios autores.
- Colección Os Llibros d'Entrambasauas n° 2, Academia de la Llingua Asturiana, Secretaría Llingüística del Navia-Eo, 1999.
- 103 páxinas.

ACTAS DAS
PRIMEIRAS SESIÓIS D'ESTUDIO
DEL OCCIDENTE
Castropol, 8 d'agosto de 1998



El Academia de la Llingua Asturiana, a través da Secretaría Llingüística del Navia-Eo, acaba d'editar el volume Actas das Primeiras Sesióis d'Estudio del Occidente. Castropol, 8 d'agosto de 1998. Nel llibro, qu'é el segundo número da colección "Os Llibros d'Entrambasauas", recóyense as comunicacióis presentadas na villa castripoleña el brao pasao nûas sesióis unde tuveron presentes estudiosos de toda Asturias pra falar del noso occidente: llingüística, xeografía, economía, hestoria, lliteratura...

Recordamos os artículos qu'aman esta obra: "A feligresía de San Salvador de Marmorto (Salave) nel tránsito da Edá Media á Moderna (1495-1542)" de Jesús Fernández Suárez, "A caza das ballenas nas costas del occidente d'Asturias (ss. XVII-XVIII)" de Diego Fernández Méndez, "Fortíos, faros y capiyas nas talayas d'Entrambasauas" de Benxamín Méndez García y Fredo de Carbex, "Agrupacióis musicales de pulso y púa nos conceyos del Navia-Eo (1903-1996)" de Félix M^a Martín Martínez, "Alejandro Sela y outros escritores en gallego-asturiano nel período El Aldeano de Castropol (1929-1933)" de Xosé Miguel Suárez Fernández, "Axenda 2000 da Unión Europea. Talías pras terras d'Entramba-

saugas" de Benxamín Méndez García y Fredo de Carbex, "A toponimia como ferramenta da historia" de José Álvarez Castrillón, "Interferencias lingüísticas nel galego-asturiano da Veiga" de José Antonio Fernández Vior, "Observacióis sobre el léxico marineiro nos portos del Navia al Eo" de Emilio Barriuso Fernández, "Dereto, estreto, foletto: un proceso de reducción del ditongo *ei* en galego-asturiano" de Fernando Álvarez-Balbuena García y "Xenitivos na toponimia d'Entrambasauas" de X. Ll. García Arias.



Teatro da Roda

Despóis de 16 anos fendo teatro por lugares de toda Asturias, el Grupo "Pico de Faro" da Roda (Tapia) sigue col mesmo agayo. Además del edición d'un llibro conmemorativo, as actuacióis hanse a dar todo el brao: Andés, Candás, Vilanova, Samartín, Santalla, Riosa, Ibias, etc.

A esto hai qu'amecerye a Semana Cultural da Roda y a feria, unde colaboran todas as asociacióis del llugar.

Premio XEIRA

Recordamos qu'el prazo pra presentar dalgúa narración en gallego-asturiano á IX Edición del Premio XEIRA de narracióis curtias -qu'é de 75.000 ptas.-, acaba el 15 de setembre d'este ano. As obras hai que mandallas por cuadruplicao nun sobre sin remite a XEIRA, Apartao n° 5, 33750-A Caridá. Dentro del sobre ten qu'ir outro, zarrao, unde vayan as señas del autor ou autora.

A entrega del premio da edición pasada, que foi pral tapiago Rafael Cascudo Noceda, féxose el venres 9 de xuyín en Tapia. Nel acto tamén houbo un recital poético unde se repasóu a miyor poesía escrita na nosa fala nos últimos cen anos.

Cursos de brao

Cua chegada del brao tamén chegan a os nosos conceyos os Cursos d'Estensión Universitaria. Estos son os llugares, as fechas y os títulos dos cursos. En Castropol, del 26 al 30 de xuyín, "Cien años de Asturias"; en Cuaña, del 19 al 23 de xuyín, "Potencialidad económica de los recursos naturales del occidente asturiano" y, del 26 al 30 del mesmo mes, "El patrimonio histórico-artístico de Coaña"; en Ibias, del 26 al 30 de xuyín, "La gestión de recursos territoriales: el patrimonio cultural".

Lliteratura

Nel n° 16 da revista *Lliteratura*, qu'edita el Academia de la Llingua Asturiana, podemos ller úa voz nova na poesía en gallego-asturiano. Trátase de Alfredo Álvarez Ponticella, maestro de Villayón xa avezao ás cuestióis hestóricas y etnográficas, pero del qu'einda nun conocíamos a súa vena poética. Sete composicióis súas, axuntadas col título de "Al son das zalan-ceiras", amóstrannos úa poesía unde se mezcra hestoria y tradición y unde resúa toda a naturaleza del valle del Río Navia.

Agro-Rock

Empezan a moverse as cousas na música rock feita en gallego-asturiano. Na Caridá volamos na maqueta titulada *Entornou el varal* del grupo *Hermaos del Herba Seca*. Detrás d'ese nome escóndese A. R. Berdiales, de Ca el Peto da Caridá, que toca todos os instrumentos nas cántigas.

HERMAOS
DEL
HERBA SECA




Neste disco atopámonos con lletras con muito humor y que falan d'esa xeneración que se crióu, como el autor, núa casa de llabranza: "Festa na cuadra", "Balada al conexo morto", "Mira ese cocho", "Metín el pé nel furaco da raposa" ou "Demonio de néno" son dalgús dos títulos. Hard rock y blues col ritmo necio del martello de cravuñar. Quen quira contactar con *Hermaos del Herba Seca*, pode chamar al 985 63 74 07.





10 Noite folk nel COBO
Barres · Castropol
 Agosto 99
iBoliga Asturias!



ACEBEDO, *llugar exemplar*



El edificio da escola veyá d'Acebedo, el día da inauguración

↓ Everardo Fernández González

Nesta revista nun nos imos cansar de chufar el llabor d'aquella xente moza que sigue trabayando por qu'os nosos poblos, muitos d'ellos cuase valleiros y lluitando por sobrevivir, sigan vivos y con agayo. Vein ás nosas páxinas el llugar y a xente d'Acebedo, na parroquia tapiega del Monte, y fainlo da mao del noso colaborador Verardo da Roda.

Acebedo ta al suroeste da Roda (Tapia) y chégase pola carretera que vai dende allí al Valle de San Agustín despós d'andar us dous quilómetros.

Igual que muitos máis lugares da parroquia del Monte, pertencéu á de Serantes hasta 1892, fecha na que quedóu unida á citada de Santa María del Monte (hoi A Roda), según nos cunta el artículo que sobre el Santuario del Monte escribiu el estudioso das Figueiras, José Luis Pérez de Castro.

A carretera chegóu al pobo nel ano 1941, a escola foi creada nel 1944 y a lluz eléctrica inauguróuse nel 1956. Todas estas miyoras foron conseguidas polas xestións feitas por Agustín de Catuxo y Francisco da Fonte, apoyados por todos os vecíos y pol que daquela era alcalde de Tapia, D. Manuel López.

Dende entonces pr'acó os vecíos siguiron lluitando pra trer as miyoras necesarias pra prosperidá del llugar y hoi dispón d'úas ganadeirías al son dos tempos, provistas de toda a maquinaria moderna y atendidas por un rabaño de mozos novos preparados de riba a embaxo. Este peteiro de rapaces non sólo s'acupan d'atender as vacas como se merecen, preocupánsen d'outras cousas mui importantes como é a cultura y el deporte. Dende hai muchos anos amaña-

ron un equipo de fútbol federado y hai tamén dous campioís de corta de troncos: Gonzalo y Vidal. Gonzalo quedóu campión en sete convocatorias y subcampión en dúas. Vidal empezóu máis tarde y xa ten tres títulos de campión. Esperamos que tanto Gonzalo como Vidal sigan a carreira.

Condo a concentración escolar, os nenos marcharon prá escola de Tapia y a d'Acebedo quedóu pechada, hasta qu'os mozos tomaron concencia de que se taba desdeixando. Organizáronse como ellos saben fello, formaron úa asociación, solicitaron axuda del Conceyo de Tapia y da Conseyeiría, restauróuse el edificio col trabayo da xente y as axudas dos citados organismos y, al cabo, el día cinco de febreiro inauguróuse cua presencia del Presidente del Principado D. Sergio Marqués, el Alcalde de Tapia D. Gervasio Acevedo y demás autoridades.


¡Qué contentos s'iban poñer se Agustín de Catuxo y Francisco da Fonte ergueran a cabeza y viran cómo el pobo sigue el camín qu'ellos empezaron con tanto agayo, que tantos desvelos yes costóu, y cómo a escola ta convertida nun centro cultural de primeira!

Norabúa a todos os vecíos d'este llugar d'Acebedo, unido y trabayador, qu'hoi é ún dos máis adelantados de todos os que figuran na llista.

Al **Arco da Veya** d'esta volta chégannos cartas dende as escolas de Trevé y de Tapia.

En Trevé, qu'è un lugar del conceyo de Bual pr'açó de Penouta (se miramos dende el mar), Cristina, Sergio, Tino y Iván tiveron fendo un trabayo na escola pra saber máis dos páxaros y quixeron tamén mandarnos úas couxías pra nosoutros.

Os nenos y nenas d'Educación Infantil da escola de Tapia tiveron discurrindo frases que cayesen en copra, às veces botando mao dos sous nomes. Del ocurrentes que son pódedesvos fer úa idea con éstas que publicamos. Tamén nos mandaron dibuxos y ei vos van.



DITOS Y COUSILLÍAS

¿Que fain dous páxaros nun árbol?

(Un par)

Pol noso andar patoso dicen que somos bobos pro naide nel augua compite con nosoutros.

(Os pingüinos)



Por abril sal el cuco del cubil

Val máis páxaro na mao qu'un cento volando

Cristina Iglesias Rodríguez (4º), Sergio García Rodríguez (5º), Justino García Rodríguez (4º) y Iván López García (2º), da escola de Trevé (Bual).

Teño tres anos, chámome
Andrés y sempre deixo
as mangas del rovés.

Andrés Carriera Castelao (3 anos)

Chámome Pablo, soi camposo
y, anque pequeno,
nun soi biocososo.

Pablo Martínez González (3 anos)

Soi Patricia, vivo na Roda. El
ano pasao tuven úa boda. El outro
día mía irmá tuvo úa nenía y dicen
qu'é a mía sobría.

Patricia García González (4anos)

Eu soi Ana, vivo na Roda.
Meu padre ten
un tractor con úa ródá.

Ana García Rúa (4 anos)

Soi Pablo García y sempre
xanto na cocía.

Pablo García Lastra (4 anos)

EL CABALO FALO



El meu
nome é Valeria
y ás veces vou á feria.

Valeria López Canga (4 anos)


Vivo en Serantes,
chámome María
y teño a cara mouría.

María López García (4 anos)



Ei enriba hai un cabalo qu'é ben xeito-
so y chamase Falo.

Ángel López Martínez (5 anos)



Hasta os cadriles chégame el
pelo, gústayes muito a os meus
compañeiros. Na mía casa temos
xelo y na mía vila muitos mari-
neiros.

Rébeca Gabarre Iglesias (5 anos)

¡Qué hai! Eu soi Paula y prés-
tame muito beber auga.

Dóleye úa perna a Xosé Mi-
guel y pra curala bótaye mel.

Paula López López (5 anos)

La correspondencia
literaria al Director

Administración:

VEGADEO

13, Alameda, 13

Ecos Vegadenses

PERIODICO QUINCENAL INDEPENDIENTE

Preios de suscripción

VEGADEO

Trimestre. . . 1 pta.

ENTODO ESPAÑA

Trimestre. . . 1 pta.

Semestre. . . 2 »

Año. . . 4 »

EXTRANJERO

Año. . . 8'50 pta.

Núm suelto. 0'20 »

Año XI

VEGADEO, 2.ª QUINCENA DE OCTUBRE DE 1934

Núm. 228

Al llargo dos números d'ENTRAMBASAUGUAS, nel "Houcha" tuvemos el oportunidá de dar a conocer lliteratura escrita en gallego-asturiano que taba esqueicida xa y que merecía que todo el mundo la conocera pra, a lo menos, deixar testimonio de que sempre houbo xente interesada en escribir na nosa fala. Escritos en prosa y en verso, de Navía, de Castropol, de Cuaña, de Bual, de Tapia, da Veiga... descubríronnos qu'a tradición xa vén de ben atrás.

D'esta volta queremos dar á lluz a un poeta muito bon, desconocido pra os máis, un veigueño amigo d'escribir cousas ás que nun daba importancia y que cuase nunca guardaba. Falamos de Federico Magadán, que fora nacido na Veiga alló pol ano 1884, anque a casa patrucia de sou padre taba en Magadán, na parroquia grandalesa de Vitos. Estudiou en Ribadeo pra piloto da Marina, anque pouco chegou a exercer. Era mui bon matemático y trabayou pra diferentes empresas, pero al que máis se dedicou foi a poñer clases. De día, nel Liceo Asturiano da Veiga, y de noite, colaborando cua sociedá d'obreiros *La Obrera*, como podemos comprobar nel artículo que publicamos neste número sobre esa mutualidá veigueña.

As súas fiyas cuntan d'él que ye gustaba escribir poesías pra os sous amigos y que sempre lo chamaban pra botar discursos d'acoyida ou ller us versos ás personalidades que chegaban á Veiga. Precisamente úa d'estas poesías, escrita pral veigueño César Montaña, conservouse gracias a qu'este ye deu úa copia a úa das fiyas del poeta, M^a Loreto, abondos anos despóis de que morrera sou padre, en abril de 1949. Son dúas décimas espinelas que nun llevan título y que copiamos tal como lo trescribiu el propio César Montaña.

Federico Magadán tamén colaboraba en periódicos locais como el veigueño *Ecos Vegadenses* ou *Las Riberas del Eo* de Ribadeo. Nel primeiro d'ellos, en setembro de 1931, atopamos úa poesía con métrica de romance titulada "Entendinte", que completa el que conocemos hasta agora del escritor. Tamén la trescribimos tal como salíu nel quincenario da Veiga. 

Cuando en noite sosegada
fendendo el aire dormido
sona el alegre escouguido
conque fina unha tonada,
se po la pena agobiada
el alma ta del que escuita,
non sinte pouca nin muita
a alegría del cantar,
e co-as ganas de chorar
quizabes a solas luita...

Que son a alegría y a pena
n'esta miserable vida,
cuerdas unha al outra unida
cual eslabós de cadena,
e xa triste, xa serena,
vay el alma n'unha a dar.
Ten el outra que sonar
con un amargo xemido,
ou c'o el alegre escouguido
conque se fina un cantar.

Entendinte

Paréceste 'nos amores
A estos guapos días d'outono,
Nos que tan de prisa chove,
Como fai un sol hermoso;



Federico Magadán

Xa ta el tempo todo en calma,
Xa sopla vendaval tolo,
Tan axina ven bon frío
Como un calor horroroso:

Porque unhas parece
Que sal el sol nos teus oyo
E tein mimos e caricias
Os seus rayos luminosos
Y outras escondeus airados,
Como tras nublado mouro,
Por entr'as fruncidas cexas,
Que denotan incomodo,
Tópote, as veces, alegre
Y alegre tamén me poño,
E pras palabras qu'eu digo
Teis acentos gasayosos;
Pero se acaso me vou
E pra cabo de ti volvo,
Xa t'encontro con revinxé,
Que che veu sin saber cómo.
Unhas veces porque falo
Dices que parezo tolo;
Outras, porque non gorguto,
Dices que me «víu el lobo».
Se me río de gusto al verte,
¡En bon apuro me poño!
Porque, se tas da boa luna,
Tamén tú me fais el coro;
Pero se sopla mal vento,
¡Mais me valiera tar xordo!...
Dicesme que faigo burla

Ou se teís na cara monos;
Que de ti non se rí naide,
Que non sou cabal del todo,
Que non conozo a vergonza
Nin siquera por el forro,
E que se solo hei de rirme,
Xa me podo volver lougo
Pra donde me feron gracia,
Por el camín que me trouxo...
Xa ves que ben te comparo
Con os guapos días d'outono,
Nos que tan de prisa chove
Como fai un tempo hermoso.
Por donde claro vou vendo

-Aunque tarde lo conozo-
Que pra cortejarte a ti
-Se non hei de dar en tolo-
Non preciso tar corsario
En todos os requillorios
Que teín os namoramientos,
Como estilan outros mozos;
Nin saber falar de prisa
Ese falar tan mimoso
Que se desprende 'nos libros
Que tan escritos pr'os novlos;
Nin vestirme pinturero
Y estirar muito el pescozo,
Pr'andar sempre al rabo teu,

Com'a mecha tras del globo;
Nin sospirar, se te vexo,
Lo mismo q'un barquín roto,
Nin falar com'el que chora,
Nin poñer en blanc'os oyo...
Nada d'eso me fai falta,
Ou case me sobra todo,
Pra darche sempre 'nel gusto
E quitarch'os incomodos,
Xa qu'andas tú com'el tempo
Y de planeta sei pouco,
Pra cortejarte, meu ben,
Necesito un reportorio.

FEDERICO MAGADÁN

A ganadería representa a principal actividá económica na zona rural asturiana dende tempos remotos. Mostra d'eso é que sigan hoi muitas feiras e mercados que de xeito máis ou menos tradicional fainse en ben de lugares del noso país.

Anque a compraventa dos reses faise tamén nos propios caseríos, son as feiras as qu'agora nos interesan: as periódicas -semanales, mensuales, etc.- y as especiais -que se fain úa vez al ano en fechas e lugares concretos-.

En entrambas e dúas, os comportamentos y el rito dirixen a transacción.

A Feira de Samiguel, qu'é a que se pode ver nesta foto d'alredor dos anos corenta ou empezos dos cincuenta, é claramente especial, tanto pola súa situación xeográfica -A Garganta-, como pola fecha -29 de setembro-. Se reparamos na fecha, el fin principal da feira nun escapa á lóxica, posto que coincide col acabo del brao e válelles a os ganadeiros pra desfacerse dos máis reses que poidan pra baxar a os sous lugares a pasar el inverno. Na zona da Garganta tamén hai outras dúas feiras relacionadas con esta lóxica temporal: San Fernando na Bobia (29 de mayo), que máis ou menos coincide coa subida al porto del ganado, e A Santana (29 de xuñín), que cuadra máis ou menos coa mitá del brao.

Como se ve na foto, nestas feiras, a parte del interés económico, destaca el sou carácter festivo: chega xente que nun ten nada que vender nin comprar e tamén se poden atopar tenderetes de quincalla, de beber ou de xantar.

De tarde tampouco nun era raro que pareceran úa gaita ou úa acordeón e s'improvisaran bailes convirtiendo a feira en algo que s'asomeña a úa romería anque sean cousas distintas.

↓ Miguel Pérez Gutiérrez



Diseño: ENTRAMBASAGUIAS y SATSANG®



Secretaría Llingüística del Navia-Eo

INXERTA NA ACADEMIA DE LA LLINGUA ASTURIANA



PRINCIPÁU D'ASTURIES
Consejería de Cultura

